



- 03** Editorial
- 04** Denuncias e comentarios
- 08** 25 anos de Andaina
- 10** Orgullo 2008
- 10** VII Encontro Internacional da  
Marcha Mundial das Mulleres
- 11** Encontro en Panxón de Outras Voces Feministas
- 18** Granada, conferencia de mulleres xornalistas  
Áurea Sánchez
- 21** Entrevista a Susana Rei: Mulleres realizadoras,  
mulleres directoras, mulleres guionistas...  
Iria Vázquez
- [Dossier] **25** Mulleres e diversidade funcional II  
Coordina: Isabel Lodeiro Vales
- 26** Políticas sociais e diversidade funcional  
Isabel Lodeiro Vales
- 30** As mulleres con diversidade funcional:  
Pinceladas dunha realidade  
Marita Iglesias
- 32** Xénero, sexo, sexualidade e orientación sexual  
Beatriz Gimeno
- 35** Definir a fribromialxia  
Margarita Portela Barreiro
- 36** I Marcha pola Visibilidade da Diversidade Funcional  
Isabel Lodeiro Vales
- 37** O feminismo da diversidade funcional:  
Facendo camiño...  
Soledad Arnau Ripollés
- 41** Que é Gaiola Aberta  
María Ameneiro
- 42** Entrevista a Mercedes Alonso (Asociación Teima)  
Isabel Lodeiro Vales
- 46** Poema – Sen título  
Isolda Santiago
- 47** Xénero e ciencia: Unha visión desde  
as políticas públicas galegas  
Alba Alonso
- 51** Entrevista a Silvia López (Eskalera Karakola)  
Zélia Garcia
- 56** Lembranzas  
Parir na Galiza da posguerra: Celsa do Lucel,  
nai xeracional  
María Rodríguez Prado
- [Libros] **58** Antropología feminista de Lourdes Méndez  
Marián Mariño
- 62** Teoría King Kong  
Nanina Santos Castroviejo

Revista Galega de Pensamento Feminista  
Verán, 2008  
Apdo. 1058 Santiago de Compostela  
[www.andainamulleres.org](http://www.andainamulleres.org)  
[andaina@andainamulleres.org](mailto:andaina@andainamulleres.org)

Consello de redacción

Nadia Álvarez Fernández  
Ana Arellano  
Patricia Arias Chachero  
Celia Balboa Guerra  
Dalila Dopazo  
Zélia Garcia  
Laura Gómez Lorenzo  
Pilar Pérez Rey  
Saleta de Salvador  
Nanina Santos  
Iria Vázquez  
Estrela Villaverde

Colaboran neste número

Áurea Sánchez,  
Iria Vázquez,  
Isabel Lodeiro Vales,  
Marita Iglesias,  
Beatriz Gimeno,  
Margarita Portela Barreiro,  
Soledad Arnau Ripollés,  
María Ameneiro,  
Isolda Santiago,  
Alba Alonso,  
Zélia Garcia,  
María Rodríguez Prado,  
Marián Mariño e  
Nanina Santos Castroviejo

Deseño gráfico: cebra  
Imprime: Grafisant, S.L.  
D.L.: C-1.146-88

Andaina non se identifica necesariamente coas opinións dos artigos que aparecen nesta revista

Pasaron case trinta anos das primeiras manifestacións reclamando aborto libre e gratuito e aquí seguimos case igual, reunindo autoinculpacións e manifestándonos polo dereito a decidir sobre o noso corpo. A maternidade é unha elección libre da muller, non unha obriga ou un castigo nin tampouco algo que deba tomarse á lixeira. Se queremos pais e nais responsables o primeiro que debemos garantir é que sexa unha decisión consciente e querida. Non estaríamos a falar agora deste tema de non ser porque o Goberno do PSOE, a pesar de que estaba no seu programa electoral unha lei de prazos, non se atreveu a remendar a cativa lei de supostos que sacaron en lexislaturas anteriores. Durante estes anos houbo unha certa tolerancia, desviando estas operacións a clínicas privadas para obviar que a sanidade pública non cubría esta necesidade, unhas veces porque a burocracia facía imposible atermos aos prazos estipulados pola lei e outras pola intolerancia dalgúns médicos que se acollían a obxección de conciencia. E nin tan sequera agora, cando a dereita máis retrógrada co apoio da Igrexa católica quixo paralizar a actividade das clínicas privadas con denuncias falsas, está claro que existe unha vontade real de cambiar a lei, así que é moi posible que sigamos tendo cada certo tempo unha nova quenda de denuncias, de manifestacións e de autoinculpacións...

E mentres tanto, a discutir se está ben ou mal o termo de membras para designar un colectivo de mulleres. Non se comprende moito a reticencia a incorporar novas palabras cando iso é sinal precisamente de que a lingua está viva, porque é capaz de evolucionar cos cambios sociais. Nos últimos tempos incorpóranse termos da fala coloquial e mesmo anglicismos sen que ninguén se alporice, por que precisamente cando se trata de facer visibles as mulleres se cuestiona con tanta insistencia? Por certo, nesta revista desde hai moito tempo as mulleres da equipa de redacción somos membras de *Andaina*. E unha equipa ben contenta por ter ocasión de celebrar os vinte e cinco anos de vida da revista, todo un logro de moitas mulleres que durante estes anos colaboraron e nos apoiaron. A todas moitas grazas. ☺



## O PSOE busca unha muller para número tres

E por que non para número dous? E para un?

A ver cando os partidos, o PSOE e os demais, nos dan esa sorpresa. ELAS, os números UN. ☞



Mónica Amado en representación do Sindicato Labrego Galego estivo do 4 ao 8 de abril en Orán –Alxeria– nun encontro para falar da vida, traballo e organización das mulleres labregas de aquí e de alí e sobre este intercambio de experiencias e as súas impresións; escribe no *Fouce*, nº 263, de maio de 2008. ☞



Cando Catalunya remate o proceso legal para modificar o Código Civil as persoas que fosen condenadas por maltratar a súa parella, fillos ou proxeitores, non poderán herdar das súas vítimas baixo o concepto de «indignidade sucesoria». Isto atinxirá tamén a quen fose condenado por deixar de pagar as prestacións económicas acordadas polo xuíz a favor do cónxuxe ou descendentes, así como quen abandonase os seus fillos e fillas ou atentase contra a súa dignidade. Foi aprobado no Parlament no proxecto de Lei do Libro IV do Código Civil relativo ás sucesións a metade de xuño. ☞

## Adolescentes do Gloucester High School

Dezasete adolescentes do Gloucester High School de Gloucester, un pobo pesqueiro de Massachusetts, acordaron preñar para criar as súas criaturas xuntas.

A cousa saltou aos medios de comunicación. O alto índice de embarazos xuntos, no mesmo instituto –a media habitual viñan sendo catro embarazos por curso escolar– fixo saltar as alarmas e indagar sobre o sucedido. As mozas, de 16 anos, deron fe de que todos e cada un dos seus embarazos fosen desexados e que se tratou dun pacto.

As autoridades educativas e locais buscan explicacións ao fenómeno e falan de que a causa está na crise da industria pesqueira, do paro e derivado disto, familias rotas e xoves que medran sen rumbo.

Os embarazos en adolescentes son un problema serio, porén se algo me gusta desta noticia é a iniciativa das mozas que acordan algo tan fantástico como embarazarse xuntas para criar xuntas os seus bebés. ☞

## Que desfachatez! Que cinismo! Que impostura!

Vistes os anuncios de Repsol e de Endesa?

*Volver imaxinalo todo, reinventar o noso xeito de estar e vivir no planeta.*

*Se fomos quen de inventar a Madama Buterfly, Peter Pan, a escritura e...*

*O compromiso cos fillos dos nosos fillos.*

Repsol?

Endesa?

Empresas que estragan sen canto para o seu lucro e beneficio aquí, no Estado español, e en América centro e sur e noutros lugares polo mundo –miren os cartiños que pagan aos case que todos señores dos seus consellos de administración, presidente, etc.–. *Como non imos ser capaces de protexer o que máis nos importa?*, teiman en que gastemos canto máis petróleo e electricidade para encher os seus petos coma se fosen recursos infinitos e para obtelos expolian, estragan, explotan, minten, etc.

Que non nos preocupemos, que deixemos as cousas da enerxía –nas súas mans aínda que digan «entre todos»– porque elas xa nos resolverán a vida: *Inventamos a roda, chegamos á lúa, descubrimos as vacinas...*

*O compromiso cos fillos dos nosos fillos.*

Elas, Repsol e Endesa, *unha nova conciencia.* ☞



## Estreáronse os premios nacionais en Galiza este ano 2008

Houbo dez premios: tres para entidades colectivas: Cidade de Pontevedra, Museo do Pobo Galego e Laboratorio de Formas. E sete premios individuais: Méndez Ferrín, Gallego Jorroto, Francisco Leiro, Manuel Lourenzo, Francisco Díaz Fierros, Margarita Ledo e Mercedes Peón.

Mágoa dalgunha deportista ou clube que se saia algo dos camiños máis trillados e premien, tamén, ou nadar contra a corrente do deporte único existente. Ou remar contra a corrente. Teresa Portela, por exemplo, ou clubes de remo femininos de traíñas.

Os nosos parabéns. ☞

## Valer, valen máis de dúas

A eurodeputada dinamarquesa do grupo socialista, Christel Schaldemose presentou unha proposta de recollida de sinaturas a través da páxina de Internet [www.femalesinfront.eu](http://www.femalesinfront.eu), co fin de denunciar a ausencia de mulleres nos postos de responsabilidade na Unión Europea. Este organismo que recomenda aos países membros que desenvolvan plans de igualdade, que redacten leis de igualdade e que fagan políticas paritarias, esquecese de cumprir as propias recomendacións. Nos próximos doce meses vanse elixir catro representantes: presidente? do Consello de Ministros da UE, presidente? da Comisión Europea, presidente? do Parlamento Europeo e un? representante para Asuntos Exteriores e Política de Seguridade.

Quizais sexa o momento de que na foto haxa algunha muller máis. ☞

**Francisco Maroto, alcalde de Campillo de las Ranas** (Guadalajara) casou o 14 de xuño con Enrique Rodríguez, xuíz de paz e mozo desde hai catorce anos. Á cerimonia asistiron practicamente os 50 habitantes, todo o pobo, ademais de amizades e outra veciñanza da comarca. Desde o ano 2002 aprobáronse neste concello as unións homosexuais, ben antes de que o goberno de Zapatero na anterior lexislatura decidise dar marco legal a estes matrimonios. ☞



## Cíteme a declarar que Eu tamén abortei

Parece unha diversión dalgúns xulgados e dalgúns xuíces de Catalunya, País Valenciá, Sevilla e Granada. O n° 1 de Granada citou a declarar o día 19 de xuño a dezasete mulleres.

En Tarragona, por exemplo, dos seis xulgados que recibiron autoinculpacións, catro arquiváronas. Dous, sen embargo, o n° 1 e o n° 3 chamaron a declarar varias persoas das autoinculpadas en febreiro. En solidariedade con estas citacións houbo unha segunda campaña de autoinculpacións neses mesmos xulgados en abril e están chamando a declarar.

De par disto, o xuíz José Sierra, instructor do caso contra a clínica Isadora de Madrid, autorizada a practicar abortos, permitiu que os ultradereitistas de Alternativa Española (AES), herdeiros do partido de Blas Piñar, acudan como acusación particular accedendo polo tanto ao sumario e aos nomes das vinte e cinco mulleres ás que, segundo consta no sumario, se lles practicaron abortos nesta clínica. ☞



## Nos vos parece unha fantasía?


As nais, xa poden ser Miss España. Ánimo, un atranco menos.

Ser Miss España (ou supermodelo ou princesa dos lunares verdes) é –ou debería ser– aspiración de calquera muller.

Pelexouno Ángela Bustillo, ex Miss Cantabria, a quen non permitiron presentarse a Miss España por ter un fillo.

Agora xa cambiaron as bases e Paula Sánchez, Miss Salamanca, e Sandra Veiga, Miss Cantabria combinan cando menos as dúas cousas.

Lembrades, vellas feministas, cando tamén pelexabamos contra estes concursos e certames de beleza de mises e pises? ☞



## A orientación sexual vese no cerebro

Xa saben, *a orientación sexual vese no cerebro*. Dous científicos do instituto Karolinska de Estocolmo (Suecia) seguen buscando explicacións á homosexualidade con bases neurobiolóxicas.

O simpático do caso é que pasan fotos que reproducen diversos xornais e revistas con imaxes dos cerebros dos homes heterosexuais, das mulleres heterosexuais, dos homes homosexuais e das mulleres lesbianas.

Poderían buscar explicacións á heterosexualidade ou sinceramente investir o seu tempo e estudos en cousas algo máis interesantes. ☞

## Centros de Internamento para Emigrantes (CIE), unha iniciativa chea de humanidade, respecto e solidariedade.

Aquí todos os gobernos da civilizada Europa se retrataron. Todos os civilizados ministros do Goberno socialista de Zapatero tamén se desmascararon.

Ala! a erguer muros e murallas. Que non entren! Se teñen fame –da de verdade– que se aguanten. Que non entren que afean os nosos fastos, as nosas pompas, os nosos dispendios e todo o noso lixo acumado progreso, desenvolvemento e modernidade. ☞



## Que pasa coa xente nova?

O Instituto da Xuventude publicou os resultados duns cuestionarios feitos á xente moza, entre 15 e 29 anos, resultados que nos deberían preocupar. Aínda que hai un 43,6% que opinan que é imprescindible ter un traballo remunerado para ser unha muller independente, un 26% afirman que a maioría das mulleres prefire realmente crear unha familia e ter fillos. Tamén sorprende que un 49,4% afirme que unha nai que traballe NON ten a mesma relación de calidade e estabilidade cos seus fillos que unha nai que non traballe.

A pesar das mensaxes sobre igualdade, a pesar da educación en aulas mixtas, aínda que distintas ONGs e asociacións percorran os centros escolares realizando talleres onde se fala de coresponsabilidade, onde se mostran outros modelos de masculinidade, cómpre actuar desde a base. Non se trata dun bombardeo de ideas sen máis, cando estamos vivindo nunha sociedade na que o machismo impera: un 20% dos mozos di que o modelo ideal de familia é aquel no que a muller traballe menos horas ou non traballe para que se faga cargo da casa e dos fillos. ☞



## A experiencia dos dous turistas españois que foron encarcerados en Gambia

por ser homosexuais e que grazas ás actividades diplomáticas non pasarán catorce anos de prisión pon enriba da mesa as restricións ás liberdades para os homosexuais en tantos países. Sete países teñen prevista a pena de morte para os homosexuais. Yahya Jammeh, presidente de Gambia, ameazou en maio con «cortar a cabeza» de calquera homosexual e ordenou expulsalos de hoteis e residencias. Da man deste episodio, a Federación Estatal de Lesbianas, Gais, Transexuais e Bisexuais (FELGTB) pediu ao Goberno que pule pola erradicación das lexislacións que penalizan a homosexualidade. ☞



## Virxinidade perdida

Quirófano cosmético o do doctor Stern en USA. 3500 \$ por media hora de operación para repoñer a virxinidade perdida.

E... non vaian pensar que é só cousa de mulleres decididas a enganar os maridos ou prometidos por causa dunha esixencia incríbel.

Saben da lea que se montou en Franza a conta dunha virxinidade de mentira?

Un tribunal de Lille ditou unha sentenza o 1 de abril de 2008 dando a razón ao marido que demandaba a nulidade do seu matrimonio pola non-virxinidade da muller. O argumento da sentenza foi que procedía a anulación porque a vida matrimonial empezou por unha mentira.

Desde que o diario *Libération* deu a noticia, houbo festa, sinaladamente no goberno. Rachida Dati, ministra de Xustiza, estaba de acordo coa anulación, porén Brice Hortefeux, ministro de Identidade Nacional apretou e presionou e Rachida tivo que avirse á orde e ordear o recurso xudicial.

Se hai maridos que se senten timados porque esixen virxinidades logo non existentes, que se amolen. Ninguén lles manda pedir cousas estrambóticas e se hai mulleres estúpidas dispostas a presentar credenciais de virxinidade, alá elas. Que non son estes os tempos da Celestina! ☞

## Mara Carfagna

Mara Carfagna ex modelo e actual ministra italiana de Igualdade, acordou que non quere financiar nada do Orgullo gai celebrado en Bolonia.

Parécelle a ela que hai moito exhibicionismo e folclore nestas marchas, non así nos desfiles de misas e modelos, respostaron os de ARCIGAY –a maior asociación italiana de defensa dos homosexuais–.

Tamén lle parece a esta ministra que *a situación dos gais non é tan mala como eles din, xa non é un problema ser gai en Italia, ou non tanto problema como din os organizadores*. E... poderíanos dicir canto de problema é segundo ela? ☞

**O Tribunal Supremo de California** legalizou, por fin, as unións homosexuais o 15 de maio e entrou en vigor o 16 de xuño cunha longa cola de parellas nas oficinas de estado civil para conseguir certificados de matrimonio. Robin Tyler e Diane Olson experimentados activistas a prol dos dereitos homosexuais e demandantes no caso que levou ao Tribunal Supremo de California a fallar a favor do matrimonio gai casaban nas aforas do Tribunal. Ao mesmo tempo outras veteranas desta loita, Del Martin e Phyllis Lyon, de 87 e 83 anos, casaban en San Francisco cos oficios do alcalde da cidade, logo de cincuenta e seis anos de vida en común. ☞



**Bibiana Aído**, ministra de Igualdade do Goberno Zapatero dixo que promovería *unha nova masculinidade*.

En que están pensando ela e o seu equipo?

En someter aos varóns de masculinidade antiga a reeducación, revolución cultural, programas acelerados de cambio feminista?

Nunha campaña que explique aos varóns un bo xeito de ser varón ou ser masculino? E se é así, cal é e como é o mellor xeito –ou o bo xeito– de ser masculino?

Saben no equipo e sabe a ministra, como é isto? Que características debería ter un mozo masculino?

Unha cousa é bater naqueles aspectos que se asocian culturalmente á masculinidade máis tradicional (os homes non choran, non se ocupan das tarefas de atención e coidado, son os responsables da marcha económica da familia, sempre saben o que hai que facer, están máis capacitados para mandar e exercer o liderado, son mellores cás mulleres para os asuntos de política, de empresa, relixión, milicia, etc.) e outra ben diferente propoñer valores, estilos, comportamentos dos que alguén supón que sería unha masculinidade *fetén*.

Medo me dan! ☞

# 25 anos andaina



O pasado día 16 de maio celebramos, por todo o alto, os 25 anos desta revista. Escollemos esta data, véspera do Día das Letras Galegas, porque nos pareceu que era unha boa homenaxe a nosa lingua o feito de que unha revista galega e feminista leve tantos anos na rúa.

Algo difícil de entender cando hai moitas publicacións que pecharon durante este tempo, cando case non contamos con publicidade e cando a distribución é case toda a través das subscricións e o boca a boca.

Pero se foi, e é posible, sacala é porque detrás dela hai un nutrido grupo de mulleres convencidas de que o esforzo merece a pena.

E con moitas ganas de celebralo, comezamos na galería Sargadelos de Santiago coa presentación dun número especial no que recollemos en edición facsímile unha escolma de artigos, portadas e contracapas deste cuarto de século de *Andaina*. Alí nos xuntamos





moitas das que contribuímos a facela posible, mulleres que escribiron, e que escriben, que nos animan, que buscan novas subscricións ou que nos aportan un apoio económico que tamén é de agradecer.

A presentación deste número especial correu a cargo de tres mulleres que representaban a tres xeneracións de *Andaina*, primeiro Ana Arellano falou dos inicios, das promotoras e dalgúns temas e debates que se abordaron na revista durante este tempo e da posición que se defende desde *Andaina*, nalgúns casos, crítica coas manifestacións que se fan desde os medios ou desde parte do feminismo organizado.

Despois Lorena López, unha das últimas subscritoras, ela falounos da súa visión como muller nova que se achega á lectura de *Andaina*. Convencida do interese que ten unha revista coma esta para dar tesemuña e ampliar os puntos de vista nos debates feministas, manifestouse tamén gratamente sorprendida e interesada pola información que se obtén ao revisar as denuncias e comentarios ou as editoriais da re-

vista, sobre as preocupacións puntuais e as actividades feministas ao longo destes vinte e cinco anos.

Por último Laura Gómez detívose máis no aspecto formal, cun repaso ás capas e contracapas da revista mostrou como evoluiu tamén na súa estética, desde os primeiros números tirados case de forma artesanal ata o formato de hoxe cun deseño áxil e coitado que a fai amena e fácil de ler.


E despois de saudarnos e darnos bicos as amigas de tantos, ou de menos, anos, fomos celebralo cuns viños e pinchos na Borriquita, paso previo para a festa que se preparaba na Sala Galán.

Alí nos deleitamos con a actuación de *Corpos reflexivos*, acción performativa de BStudio Danza, a quen aplaudimos a rabiar e logo dun descanso para visitar o *ambigú* volvemos para continuar a festa co sorriso pícaro do cabaré de *Lili Berlín*.

E como traca final, a brillante actuación dunhas *Djs*, que se encargaron de que todas e todos os presentes moveramos o esqueleto. 6



# Orgullo 2008


A manifestación estatal do Orgullo de lesbianas, gais, transexuais e bisexuais (LGBT) celebrada en Madrid o pasado sábado, 5 de xullo, baixo o lema *Pola visibilidade lésbica*, encheu o centro da cidade de ambiente festivo e reivindicacións contra a discriminación deste colectivo, especialmente, das lesbianas. COGAM cifrou o número de asistentes nun millón cen mil persoas. 



## VII Encontro Internacional da Marcha Mundial das Mulleres

O VII Encontro Internacional da Marcha Mundial das Mulleres celebrarase en Panxón e Vigo do 14 ao 21 de outubro. Algunhas das actividades programadas:

- ▶ Explorar os desafíos para o feminismo no complexo contexto mundial
- ▶ Formación das delegadas en temas de econfeminismo, educación popular, libre comercio...
- ▶ Un foro e unha feira de soberanía alimentaria

As alumnas da Escola de Belas Artes de Pontevedra axudarán a elaboración dun Milladoiro simbólico nas rúas de Vigo, o domingo, día 19, antes da marcha-manifestación, cos desexos de CAMBIAR A VIDA DAS MULLERES PARA CAMBIAR O MUNDO, E CAMBIAR O MUNDO PARA CAMBIAR A VIDA DAS MULLERES. 

Máis información en:

<http://www.feminismo.info/webgalego/vii-encontro-internacional-vigo-2008.html>

# II Encontro de Outras Voces Feministas

Os pasados días 30 e 31 de maio, celebrouse en Panxón (Pontevedra), na Residencia de Tempo Libre cedida pola Vicepresidencia de Igualdade da Xunta de Galicia, o II Encontro de Outras Voces Feministas, ao que acudimos moitas das integrantes da equipa de redacción desta revista. Preto de cento cincuenta mulleres de todo o Estado español xuntámonos para debater sobre tres temas de máxima actualidade.

A corrente de opinión Outras Voces Feministas aposta por un feminismo renovado, non dogmático, aberto de miras, que se axuste aos cambios que experimenta a situación das mulleres. Discrepa con aspectos do feminismo institucional que é o que máis se visibiliza na sociedade e que aparece ademais como voz única do feminismo.

Publicamos integramente as conclusións deste encontro.

## Outras Voces Feministas II encontro

Panaxón (Galiza)  
30 de maio de 2008

Esta fin de semana, en Panxón (Pontevedra) na Residencia de Tempo Libre, xenerosamente cedida pola Vicepresidencia da Igualdade da Xunta de Galicia, a corrente de opinión Outras Voces Feministas reu-

niu a mulleres de todo o Estado español e de diferentes ámbitos profesionais que debateron sobre tres temas de máxima actualidade:

- ▶ dereito ao aborto hoxe.
- ▶ Os clientes da prostitución e as diferentes concepcións da sexualidade masculina e feminina.
- ▶ Criterios para un balanço da Lei contra a violencia machista.

## O dereito ao aborto hoxe

Os debates sobre o dereito ao aborto na actualidade xiraron ao redor de moi diversos temas. Foi unánime a consideración de que a actual lexislación ficou obsoleta, como demostran os datos de que non é a muller a que decide senón outros (médicos, xuíces, etc.); poucos abortos se practican nos centros



**Analizouse e apoiouse a campaña da Coordinadora de Organizacións Feministas do Estado español (á que moitas pertencemos)**



sanitarios públicos; non garante a confidencialidade das mulleres que abortan; mantén a inseguridade xurídica das mulleres e dos profesionais que practican abortos legais, etc.

Tamén constatáronse os efectos negativos que está a ter a actual ofensiva dos grupos que negan o dereito a abortar das mulleres, respaldados pola xerarquía da Igrexa Católica, o Partido Popular, a actuación dalgúns xuíces e demais organizacións que contan con enormes apoios mediáticos e subvencións de organismos públicos que os financian.

Revisamos as nosas vellas consignas do movemento feminista (Aborto libre e gratuito. Nós parimos, nós decidimos...) e actualizamos e concretamos os seus contidos á luz dos anos que pasaron, as mudanzas que houbo desde entón e a nova situación na que se da o debate social nestes últimos meses, que pouco ten que ver cos da década dos 70 e 80. Analizouse e apoiouse a campaña da Coordinadora de Organizacións Feministas do Estado español (á que moitas pertencemos) e concretouse que como mellor se defende na actualidade a libre decisión das mulleres é a través dunha nova lei que as as libere das tutelas da lexislación vixente, establecendo para isto unha lei de prazos o máis ampla posíbel. O límite que fixamos está no da viabilidade fetal segundo os criterios da Organización Mundial da Saú-

de. Esta lei de prazos completaría-se coas indicacións que teñen que ter en conta, entre outras situacións, as das mulleres que se encontran con diagnósticos tardíos das malformacións fetais, así como as alteracións fetais que se producen fora do prazo que se establece para abortar libremente. Desde a nosa ética feminista reafirmámonos na defensa da vida dos seres humanos, no dereito que temos a unha vida digna, en condicións e a unha maternidade desexada.

Pensamos que o único xeito de garantir a gratuidade do aborto é que se faga a través da Sanidade Pública. En canto á obxección de conciencia, os acordos foron: é urxente unha regulación do dereito á obxección de conciencia, dereito individual (e non de todo un centro ou servizo, como acontece agora) e con limitacións como non poderá ser obxector quen ocupe a Xefatura dos Servizos de Xinecoloxía e Obstetricia dos Hospitais públicos. Esta regulación da obxección de conciencia non poderá xustificar nunca a falta do recurso público ao aborto gratuito que terá que estar garantida por todas as Consellarías de Sanidade, acabando así coa actual falta de equidade para as mulleres segundo vivan nunha ou noutra Comunidade Autónoma.

Recebemos con satisfacción as conclusións do recente Congreso da Unión Progresista de Fiscais, as

iniciativas parlamentares dos grupos de oposición de esquerda do Congreso dos Deputados, así como a da Asociación de Clínica Acreditadas para a interrupción do embarazo e as diversas iniciativas de diversos grupos da sociedade civil. Queremos dirixirnos ao Goberno socialista central para que nesta lexislatura asuma a súa responsabilidade para coas mulleres e, ademais do debate social iniciado, tome a decisión do cambio de lei que expomos amplos sectores sociais.

Continúa a ser preciso dedicar moitos máis recursos públicos na información e formación sexual nos ámbitos do ensino que garantan os dereitos sexuais e reprodutivos das persoas. Especial énfase fixemos na imprescindible atención pública ás mulleres e homes dos colectivos inmigrantes.

Tamén incidimos na necesidade de que aumente o compromiso dos homes nas medidas anticonceptivas e na paternidade responsable, compartindo as tarefas que conleva a crianza de nenos e nenas.



## Os clientes da prostitución e as diferentes concepcións da sexualidade

### Masculina e feminina

Falamos sobre sexualidade masculina e feminina recoñecendo a diversidade sexual existente aínda que tamén continúan vixentes, en maior ou menor medida, os modelos tradicionais.

Debatimos sobre os problemas que comporta fixar normas no terreo da sexualidade e pronunciámonos a favor de que as relacións sexuais se establezan polos mesmos valores que outras relacións humanas; é dicir, liberdade, consentimento, negociación, respecto á diferenza e autonomía das mulleres.

Manifestámonos en contra da persecución aos clientes da prostitución porque, entre outros problemas, na práctica estas actuacións se volven en contra das prostitutas xa que reducen e limitan a súa capacidade de autonomía e liberdade na negociación.

Vimos con simpatía algunhas campañas realizadas polas asociacións que traballan con prostitutas encamiñadas á educación dos clientes no respecto á dignidade das traballadoras e ao cumprimento dos acordos establecidos.

## Criteria para un balance da Lei contra a violencia machista

### I. A necesidade de avaliar

Desde o noso punto de vista, as mudanzas lexislativas non deben facerse sen unha rigorosa avaliación de resultados; do contrario, estas modificacións non incorporan as aprendizaxes que deixa a experiencia adquirida, tanto en sentido positivo como negativo. Por iso, o noso primeiro obxectivo é conseguir que se realice unha avaliación rigorosa dos resultados da Lei Integral.

Como toda avaliación, esta debe dar conta, entre outros elementos, de:

- a) os efectos da norma;
- b) os mecanismos de implementación e a súa oportunidade;
- c) a relación entre os resultados esperados e os logros obtidos;
- d) os factores que interviñeron naqueles aspectos que no puideron levarse á práctica.

Demandamos unha avaliación cuantitativa mais tamén cualitativa. Nese sentido, as nosas aportacións diríxense a expor unha serie de indicadores que nos parecen necesarios.

### II. Criterios e indicadores de avaliación

1. En primeiro lugar, consideramos que a nosa corrente debe somarse ás peticións e reclamos que se fan desde outros organismos. Nese sentido, demandamos que para esta avaliación se tomen en conta as aportacións xa realizadas:

- ▶ Por Amnistía Internacional no seu informe «Poñan todos os medios ao seu alcance, por favor. Dous anos de Lei Integral contra a Violencia de Xénero» que contén indicadores de interese para unha acaida avaliación;
- ▶ Por membros de Xuíces para a Democracia, a Asociación Pro-Dereitos Humanos de Andalucía e outras entidades cidadás que tamén realizaron propostas sobre como avanzar na erradicación da violencia de xénero.

2. Por outra banda, parécenos imprescindible que nesta avaliación se diferencie a análise de logros, resultados e dificultades nos ámbitos estatal e autonómico. Esta consideración débese a que nas diferentes administracións autonómicas e locais se implementaron un conxunto de plans e recursos que non sempre coincidiron no tempo coas recomendacións da Lei; son programas e recursos anteriores ou posteriores á mesma, que merecen ser recoñecidos e analizados como parte das dinámicas locais para integrar os diversos factores que

**A violencia de xénero prodúcese nunha situación de importantes desigualdades entre mulleres e homes; non todas elas se derivan do maltrato pero este as visibiliza e mesmo as pode agudizar**



inflúen na tarefa da erradicación da violencia de xénero.

3. Como corrente de opinión aportamos outros criterios e indicadores que consideramos imprescindíbeis para unha avaliación realmente útil.

- ▶ A Lei e os mecanismos establecidos están contribuíndo a afortalar a autonomía das mulleres?
- ▶ Estase a intervir desde unha perspectiva que priorice os aspectos sociais e aplique en última instancia as sancións penais?
- ▶ Concédese realmente un lugar preferente á prevención e implicación cidadá na loita contra a violencia de xénero?

### **III. A autonomía das mulleres como horizonte da intervención**

A violencia de xénero prodúcese nunha situación de importantes desigualdades entre mulleres e homes; non todas elas se derivan do maltrato pero este as visibiliza e mesmo as pode agudizar. Agora ben, consideramos que non é no ámbito da loita contra a violencia onde van resolverse os problemas xerais de desigualdade e discriminación das mulleres.

Neste sentido, consideramos que o obxectivo principal das medidas socio-económicas específicas en casos de violencia debe ser a seguridade das mulleres, é dicir, que contribúan e posibiliten que as mulleres afectadas se enfronten en mellores condicións a situacións que poñen en risco a súa integridade persoal e mesmo a súa vida; queremos que estas mulleres non se

vexan obrigadas a soportar esta situación por falta de recursos.

Trátase por isto dunha intervención inmediata, temporal e limitada a favorecer a capacidade desas mulleres para refacer a súa vida, tendo en conta que moitas das súas habilidades e recursos persoais resultaron afectados por vivencias traumáticas que teñen que ser elaboradas e que nese proceso é onde requiren apoio.

Porén, non deixamos de observar un sesgo do sistema de apoio ás mulleres que viven situacións de maltrato que pode resultar perverso, na medida que converte en ben escaso o que debería ser un dereito universal ao alcance de todas as mulleres empobrecidas e discriminadas mais non necesariamente maltratadas polas súas parellas ou ex parellas.

Na actualidade, só demostrando o maltrato a través de estritos

**[...] só demostrando o maltrato a través de estritos requisitos se pode acceder a recursos imprescindíbeis para moitas outras mulleres que, sen ter sufrido ou sufrir maltrato, si viven unha forte desigualdade e discriminación respecto dos homes**



requisitos se pode acceder a recursos imprescindíbeis para moitas outras mulleres que, sen ter sufrido ou sufrir maltrato, si viven unha forte desigualdade e discriminación respecto dos homes.

Esta perversión do propio sistema produciuse en ocasións o recelo da poboación cara o uso revirado da Lei que podan estar facendo algunhas mulleres.

Para avaliar como a Lei está a contribuir á autonomía das mulleres en distintos aspectos propomos analizar os resultados en función de:

#### **1. A autonomía material das mulleres**

Para o que é preciso:

► Cuantificar o número de mulleres que accederon a que recursos socio-económicos (RAI, axuda do artigo 27 da LOVG; PNC; acceso a vivendas...).

► Cuantificar o número de mulleres que accederon a outras prestacións socio-económicas.

► Cuantificar o número de mulleres que solicitaron eses servizos e que non se lles concederon.

► Analizar os motivos polos que se lles denegaron estes apoios nos casos nos que así foi.

► Segregar os datos de perceptoras, solicitantes e denegadas por país de procedencia coa fin de saber en que situación se encontran as mulleres inmigrantes.

► Reunir datos sobre a vía de acreditación que se lles solicitou ás mulleres: medida de protección en vigor, informe da Fiscalía, informe de servizos sociais, informe médico, informe de centro de acollida, outros.

► Comprobar se está garantido o acceso ao servizo xurídico gratuito para todas as mulleres que

o solicitaron, analizando as situacións e causas polas que este servizo non se prestou. Prestar especial atención ao contido do servizo xurídico gratuito nas distintas Comunidades Autónomas.

Engadimos ademais, un par de propostas concretas:

► Non facer incompatible, é dicir, non considerar un ingreso a percepción da axuda específica por programas de loita contra a violencia con outros ingresos procedentes de axudas públicas (RAI, rendas de inserción, PNCs...).

► Aprobar xa unha lei que crie un Fondo para garantir a percepción de pensións alimenticias en caso de impago.

## 2. A autonomía subxectiva das mulleres

Para lograr que as mulleres consigán autonomía neste ámbito é preciso que haxa profundas transformacións no xeito que as mulleres perciben e analizan a súa vivencia de maltrato así como as cualidades e valores tradicionalmente asociadas á feminidade que interiorizaron como propias.

Esta dimensión da autonomía require dispor de coñecementos teóricos que permitan construír indicadores pertinentes, xa que son diversas as variábeis que deben medirse para dar conta dos cambios que se producen na vida das mulleres. Tamén se require experiencia de traballo con mulleres para entender que os cambios na identidade e subxectividade femininas adoitan darse no marco de procesos longos e que se van expresando de xeito parcial e, as veces, contradictoria.

Neste sentido, desde as equipas de profesionais que traballan na atención directa (social e psicolóxica) das mulleres que viven situacións de maltrato estanse a facer diversos exercicios. É importante que as experiencias destas equipas se recollan para elaborar ferramentas de avaliación que podan ser aplicadas polas equipas profesionais de intervención.

Consideramos que para facer unha avaliación a fondo do avance na autonomía subxectiva deben contemplarse, polo menos, os seguintes aspectos:

► Como están vivindo as mulleres emocionalmente as medidas e recursos de apoio prestados. Se lles están a axudar a diminuír ou desfacerse dos sentimentos de culpa, inadecuación, medo... que a experiencia traumática do maltrato lles deixou. Se lles están permitindo sentir o dereito que teñen a non ser maltratadas.

► Como están analizando as mulleres as medidas ou recursos de apoio prestados. Se teñen conciencia de que é un dereito en tanto cidadás que viviron unha experiencia posíbel de ser asimilada ou se os asumen como paliativos a súa situación de vítimas.

► Os apoios recibidos, están contribuíndo a que as mulleres recuperen os seus recursos e capacidades transformando as súas condutas cara elas mesmas e cara as demais persoas?

Os apoios recibidos permiten que las mulleres modifiquen as súas relacións cos homes do seu entorno? Impulsan o desenvolvemento de actitudes asertivas nas relacións con ela mesma e outras persoas?

Consideramos que tendo como horizonte de intervención a autonomía subxectiva das mulleres, despois do primeiro ano de trata-

**É importante que as experiencias destas equipas se recollan para elaborar ferramentas de avaliación que podan ser aplicadas polas equipas profesionais de intervención**





mento terían que empezar a evidenciarse modificacións en, ao menos, algúns destes aspectos e que as equipas de intervención psicosocial, terían que integrar na planificación e avaliación do seu traballo nestes ámbitos.

#### IV. A relación das mulleres coas institucións e primacía das vías sociais

Para garantir que as mulleres podan decidir con máis coñecemento e autonomía é imprescindible:

a) Garantir unha mellor información sobre os recursos dispoñíbeis e os efectos de cada un deles. Para isto resulta indispensable que, ademais dunha boa formación do persoal nas diferentes áreas que atenden a mulleres, se garanta que as Oficinas de atención ás vítimas existan efectivamente e funcionen acaidamente nos xulgados asumindo o asesoramento especializado ás mulleres de maneira que nese elo da cadea de intervencións, ao que en última estancia chegan as mulleres, quede garantido o necesario coñecemento de opcións que permita tomar unha decisión informada.

b) É preciso incorporar ao servizo gratuito de información telefónica o perfil de traballadora social que garanta unha información multidisciplinar e unha orientación máis alá do ámbito xurídico así como unha derivación correcta ao recurso acaído a cada caso.

c) Sería desexábel asegurar unha rede de acompañamento a estas mulleres durante o proceso. Potenciar programas de formación e incorporación a esta tarefa de asociacións até agora pouco vencelladas ao tema, por exemplo, as asociacións veciñais.

d) Fundamental resulta tamén contar coa opinión das usuarias sobre os servizos que se ofrecen. Rexistrar o tipo de atención prestada en cada servizo, forma de localización e contacto con estas mulleres así como dispor dun cuestionario que permita avaliar a opinión das usuarias sobre o servizo prestado. Porén hai que ter un exquisito coitado en que non se converta nunha entrevista máis pola que teñan que pasar no momento da crise.

Unha proposta concreta que abunda na implicación cidadá (non limitada á denuncia) é facer unha auditoria co aval del Goberno máis de xeito independente e que avalie ao conxunto de institucións que interveñen neste problema: xulgados, policía, concellos, centros penitenciarios, casas de acollida e pisos tutelados...

#### V. Sobre a diminución ou non da criminalidade neste ámbito e a resocialización de homes que maltrataron

Aínda sendo difícil medilo, é preciso reunir os datos e aplicar algúns indicadores de

avaliación que nos darían pistas útiles. Neste apartado convén tamén segregar os datos de persoas inmigrantes e autóctonas para avaliar máis precisamente os resultados.

Para isto propomos:

a) Cuantificar as denuncias, ordes de protección, medidas provisionais, sentenzas condenatorias e sentenzas absolutorias desde a entrada en vigor da LOVG. b) Analizar as causas e situacións nas que se cumpriron as sentenzas condenatorias por maltrato, así como os factores que interviñeron en que non se cumbran.

c) Cuantificar os ingresos en prisión desde entrada en vigor da Lei. Cantos destes foron preventi-

vos e cantos condenatorios? Cantos por algún episodio de maltrato e cantos por quebrantamento de condena?

d) Analizar as causas e circunstancias en que aconteceron as suspensións de condena. Por que e cando non se fan efectivos os cursos de reeducación? Das condenas que non se cumpren cales fallan máis: traballos en beneficio da comunidade ou programas de tratamento?

e) Cantos dos quebrantamentos de ordes de afastamentos se dan por causas atribuíbeis aos afectados e cantas porque o Estado non pon os medios necesarios para o seu cumprimento?

f) Que programas hai de tratamento de agresores tanto dentro das prisións como fora das mesmas? En que prisións se realizan estes programas? Nas que non se fan cales son as causas? Que avaliación se fai destes programas? Hai reincidencia (de episodios de maltrato) en cantos casos? Comparativamente que supón respecto aos agresores que non participaron nestes programas?

g) Fora da cadea, onde se fan os tratamentos e desde que institución? Que avaliación se fai dos mesmos? h) Hai algunha experiencia pública de mediación? Que avaliación se fai dela? 6



# Granada, conferencia de mulleres xornalistas

ÁUREA SÁNCHEZ\*

Xornalista é un termo que precisa de artigo para saber se estamos a falar de home ou muller. Un mundo de homes que cada vez máis está sendo copado por licenciadas en Ciencias da comunicación das distintas universidades.

En xeral, ó xornalista correspóndelle desempeñar un papel pola igualdade semellante ó que xogou a prensa no seu conxunto pola liberdade de expresión nos anos setenta. A misión é así de importan-

te, por moito que se queira postergar o seu recoñecemento. En Granada falouse do xénero da noticia e do xénero do xornalista. Para simplificalo, un exemplo, onde antes se dicía *crime pasional*, agora falamos de *crime machista*. E como o idioma ten que ser igual para todos para podermonos entender, o/a xornalista debe coñecer as normas de xogo.

Ven de lonxe, creouse a asociación Dones Periodistas no Colexio

de Xornalistas de Cataluña e xorden agrupacións de mulleres nas asociacións da prensa, caso de Granada e outras capitais de provincia. Por qué? Porque as mulleres queren facerse escoitar e facerse entender.

O profesor de Ética e deontoloxía do xornalismo de Valencia, Hugo Aznar, apuntaba hai xa anos como boa noticia que a Federación

\* aureasanchez2@hotmail.com

de Asociacións da Prensa, FAPE, se comprometía a crear o Grupo Muller para, entre outros obxectivos, incrementar a representación feminina e por tanto, a igualdade na profesión.

A Agrupación de Mulleres Xornalistas de Granada naceu en 2002. Forma parte da Asociación da Prensa da provincia como ente autónomo e dinamizador de varias iniciativas e debates. Laura Nieto, Concha Porcuna e Yolanda Gutiérrez son as fundadoras da agrupación que promove nesta capital andaluza a igualdade entre homes e mulleres xornalistas.

Teñen publicado un decálogo sobre o tratamento da violencia de xénero nos medios de comunicación. Decálogo que no punto nove indica: realizar un axeitado seguimento da información, resolución xudicial cando a haxa e da recuperación e volta á normalidade da persoa agredida.

A Agrupación de Mulleres Xornalistas de Granada leva celebrado diversos actos, pero o de maior relevancia foi a I Conferencia de Mulleres Xornalistas pola Igualdade, que tivo lugar no mes de febreiro. Pretendían analizar a situación da profesión desde a perspectiva de xénero e saber o lugar que ocupan as mulleres nos distintos medios de comunicación. Tamén buscaban as organizadoras estudar a repercusión que ten o traballo das mulleres nos medios de comunicación na vida cotiá das españolas e en que medida axuda ou non á resolución de problemas.

Cando falamos de igualdade entre homes e mulleres en xornalismo estamos a falar de igualdade social. En como aparecen reflectidos os xéneros nas noticias, en calidade de que, en función de que falan os protagonistas e que roles desempeñan. Quen di, por que o di, onde o di, para que o di e cando o di. As cinco preguntas capitais da



## Quen di, por que o di, onde o di, para que o di e cando o di. As cinco preguntas capitais da profesión, convérsense en fundamentais no xornalismo pola igualdade

profesión, convérsense en fundamentais no xornalismo pola igualdade. Con elas poderemos deducir se hai equiparación entre os xéneros nas noticias. Preguntámonos se a noticia a fai unha muller ou un home, pero máis importante ca iso, preguntámonos como aparecen re-

presentadas as mulleres e os homes que interveñen na reportaxe, no artigo de opinión, na noticia de alcance. Máis do 80 % dos artigos de opinión dos xornais de gran tirada están asinados por homes. Sabemos canta importancia se dá á opinión, que é, en definitiva, o saber.

Alicia Oliver, coordinadora en España da Rede Europea de Mulleres Xornalistas e participante no monitoreo de medios de comunicación levado a cabo no mes de febreiro do 2005 para The Global Media Monitoring Project (GMMP), expuxo en Granada os resultados de España. Nos quince espazos informativos analizados, aparecen 705 persoas, 552 homes e 153 mulleres. No medio televisión, a muller aparece no 23% dos casos; na prensa representa o 22% e na radio aparecen reflectidas o 12% das veces.

Destes datos aportados tíranse conclusións coma que o 38 % das mulleres que aparecen nas noticias analizadas neste informe internacional non están identificadas. Non sabemos quen son nin en calidade de que falan. O 14% delas aparecen como familiares do protagonista. As mulleres son protagonistas da noticia analizada no 16% dos casos e só se lles consultou como expertas no 2% dos casos. Como vítimas da noticia aparecen no 28% dos casos.

Alicia Miyares, filósofa e experta no dereito ó voto das mulleres asegurou na Conferencia de Mulleres Xornalistas de Granada que ningún dos dereitos acadados se logrou por consenso e que os dereitos que reclaman as mulleres na sociedade non será tampouco por consenso. O dereito á vida sen violencia está por acadar. Cando se logre, acabará o conflito, afirmou.

Preguntouse a filósofa, ten consolidado a muller o dereito a unha educación non diferenciada? Cuestións coma esta cativaron ó auditorio.

## Alicia Miyares, filósofa e experta no dereito ó voto das mulleres asegurou na conferencia: o dereito á vida sen violencia está por acadar. Cando se logre, acabará o conflito


Foi Alicia Miyares quen acuñou na conferencia a expresión «discurso reactivo», para advertir que hai pasos adiante na loita pola igualdade que recúan con moita facilidade. Recordou neste senso que ós homes se lles considera insustituibles, ás mulleres, intercambiables. E isto, dixo, é parte do discurso reactivo que se impón con moita máis forza que as boas intencións que emanan das leis e das normas.

Un exemplo máis dos que apuntou a conferenciante, en España hai unha Lei do aborto, pero non hai o dereito ó aborto. Tamén falou da violencia coercitiva, que sería aquela que se exerce a través de modelos de muller, que se constrúen con estereotipos a través dos medios de comunicación. Os programas lixo serían representativos destes estereotipos que se difunden en programas de tanta audiencia.

Polo contrario, o posado das ministras Zapatero para *Vogue* foi un acerto ou unha imprudencia? Houbo debate sobre o tema e, aínda que Isabel Martínez Lozano, asesora de Vicepresidencia na Moncloa o xustificou dabondo, porque non se distingue entre homes e mulleres, senón que como outros políticos (homes), aclarou, aceptaron a proposta, houbo quen dixo que foi unha inxenuidade. Ignoran as persoas do público insistentes que non podemos atascarnos en debates involucionistas. Agora máis, digo eu, o posado das ministras Zapatero no ano 2004 forma parte dun xesto pola consolidación da igualdade que non admite máis discusión nin xesto de distracción.

Novamente nos decatamos en Granada coa intervención da xurista Inmaculada Montalbán, experta en perspectiva de xénero, do Observatorio do Consello Xeral do Poder Judicial, que a Xustiza ten moito traballo pendente. Inmaculada tivo que ver coa instrución do caso de Ana Orantes, a muller queimada viva polo seu ex marido en decembro de 1997. O home actuou *por despecho* polo que consideran os xuristas. O erro da falecida Ana Orantes non foi que o contou na televisión, senón que o xulgado tiña ditado contra ó ex esposo unha orde de arresto domiciliario. Vivían separados de feito pero baixo o mesmo teito por non ter ela para vivir en casa de seu. Esa foi a traxedia inicial de Ana Orantes, que aproveitou como quixo o maltratador.

O arresto domiciliario era o método que adoitaba o xulgado para castigar a este home, en lugar de botalo do fogar. Arrestouno na mesma vivenda que compartía coa vítima, e así foi ata que a infortunada Ana o contou na televisión de Andalucía.

De 81 socios e socias da Asociación da Prensa de Santiago, 44 son mulleres e 37 homes. Na directiva hai unha soa muller, Xulia Campo. Pero, todo hai que dicilo, o presidente, Luis Menéndez, e a directiva no seu conxunto están facendo o posible para que a igualdade sexa real e as socias tomen parte nas decisións que se aproban ou se rexeitan, tanto na asociación profesional como no medio de comunicación que representan. 

# Entrevista a Susana Rei

*Mulleres realizadoras, mulleres  
directoras, mulleres guionistas...*



IRIA VÁZQUEZ ESTÉVEZ

Do total de películas realizadas no 2007 en Hollywood tan só o 7 % foron dirixidas por mulleres. Segundo Cima (Asociación de Mujeres Cineastas y de Medios Audiovisuales) tan só o 9 % dos filmes producidos no Estado español son dirixidos por unha muller; tamén no Estado, en guiión e produción as películas nas que participan mulleres non acadan o 19 %. Son estas cifras as que xeran sorpresa cando descubrimos que o premio á Mellor Curtametraxe Galega do Festival Curtocircuíto (Santiago, 2007) ficase en mans dunha muller: Susana Rei, pola curta *Cousas do Kulechov*. Esta curta é un enxeñoso falso documental no que a utilización dunha aguda montaxe provoca que as imaxes gravadas durante diferentes festas populares galegas e tamén diversas *catástrofes* galegas (a explosión da Química Brenntag, afundimentos petroleiros, incendios, presión

inmobiliaria, desmantelamento industrial, etc.) poidan converterse nunha ficticia invasión e guerra na Galiza. «De feito, a curta ten unha segunda lectura que nos fala de nós e de colocarnos como protagonistas dun conflito». Non é un documental intimista, non hai unha heroína, non hai un drama, pero si unha mirada feminina.

Ademais deste premio, *Cousas do Kulechov* participou en diferentes certames e festivais en Galiza, España ou América Latina recibindo Mención de Honra na XXXIV Xornada Internacional do Cinema de Bahía (Brasil, 2007), o Premio do Público en On&OF, Festival Creativo de Cortos (Ribadeo, 2007) ou o Premio Galicia do XXXV Certame Audiovisual Internacional Liceo Casino Vilagarcía (Vilagarcía, 2007) e conseguindo recentemente o premio Mestre Mateo á mellor obra experimental.

Cando eu comezei temerariamente a inmiscirme en cotos privados para homes [...], os compañeiros pasaban os primeiros días a pedirme: «oes, tráeme a lixa do dous», «Ei, Susana, achégame o martelo» e así. Para eles eu só podía estar alí en calidade de secretaria de ferramentas, supoño...

A: Moitas felicidades, imaxino que será esgotador pero moi emocionante?

SR: Grazas. Si, é moi gratificante ter unha resposta así tras un traballo. Aínda máis cando se trata dunha proposta arriscada da que non sabes o desenlace até o último día de montaxe. Ademais, ter un Premio do Público (On&Of, 2007) entre os recoñecementos confirma que a xente conectou coa técnica, coa estética e sobre todo cos contidos e a reflexión que eu propuña en torno a manipulación da información e a montaxe cinematográfica descubriendo a vileza da trampa da montaxe da guerra.

A: Con respecto ás cifras que enunciámos ao inicio do artigo, da situación na Galiza, non atopamos fontes, pero de seguro que a situación é similar ou se cadra peor. Poderías describirla un pouco dende a túa perspectiva dentro do mundíño audiovisual?

SR: Ben, eu non che dou cifras, pero da experiencia de traballar dentro do cine profesional, sobre todo en longametraxes, pódoches dicir que o cine se estrutura cunha xerarquía semellante á do resto da sociedade. As mulleres están case sempre situadas en postos como secretaria de produción, anotadora, por suposto, perruquería, maquillaxe ou vestiario, etc. Como vemos, traballos tradicionalmente asociados ás mulleres, sen que por iso deixen de ser imprescindibles, pero xa non é tan doado ver mulleres na dirección de fotografía, axudantes de dirección, dirección de arte (aínda que en Galicia temos varios nomes destacados) e menos aínda como realizadoras, quizais algo máis como guionistas.

Mais sempre hai excepcións, das catro longametraxes potentes nas que traballei, dentro da equipa de arte, dúas, Isabel Coixet e Gracia Querejeta, eran mulleres directoras. Pero o panorama segue estando moi cru.

A: O problema, ademais, á hora de buscar financiamento para proxectos con iniciativa feminina, atópase tamén por dirixir sendo muller. Existe un estudo moi interesante titulado *La mujer y el cine*, de Scott Cleverdon e Assumpta Serna, no que se refiren a unha prolífica directora dos anos corenta, Ida Lupino, quen se dirixía aos homes do seu equipo como se ela fose a nai. Segundo Lupino, «a un home non lle dis, suxíreslle» e utilizaba a súa técnica: «Queridos: mamá ten un problema. Gostaría de facer isto, podedes? Sona imposible, seino, pero poderíades facelo por mamá?». E eles ían e o facían. Pode que funcionase nos corenta, non sei agora...

SR: Bo, é unha boa táctica, si señora. O problema é que eu non aceito ben ter que buscar fórmulas para que a eles non lles pareza rebaixante traballar ás ordes ou polas ideas dunha muller. Creo, con todo, que nese desastre funcionan dúas cousas. Por un lado o orgullo masculino ou, ás veces, o inconsciente colectivo e a forza do costume que fai desa prepotencia algo normal, cando non teñen ningún problema en arrastrarse tralo seu heroe futbolista, presentador de turno ou o que sexa.

Cando eu comezei temerariamente a inmiscirme en cotos privados para homes e aparecía na localización armada coa miña bandoleira atravesada por martelos e desparafusadores, caixa de ferramentas e, por que non, serra eléctrica e radial propias, os compañeiros pasaban os primeiros días a pedirme: «oes, tráeme a lixa do dous», «Ei, Susana, achégame o martelo» e así. Para eles eu só podía estar alí en calidade de secretaria de ferramentas, supoño... E se daba unha idea, sobre todo unha solución boa, enseguida se volatilizaba no ar, facían como que non escoitaban... e logo sempre había algún que a apresentaba como unha idea propia... Aceitaban mellor que pintara, sobre todo se eran cadros ou graffitis...

E aí é onde vén a segunda parte do asunto, o machismo e a desigualdade existen, non hai dúbida, daquela, a actitude é fundamental. Lonxe de enfados ou mítines, eu facía o meu traballo, e penso que o facía ben, o mellor que sabía. Non aceptaba o papel que me querían impor, sentíame exactamente igual a eles e actuaba en consecuencia.

Finalmente a situación normalizábase e cando no filme *Los lunes al sol*, por poñer un exemplo, me tocou dirixir un grupo que traballaba na pintura e nos decorados baixo a miña responsabilidade, todos estabamos alí para conseguir sacar aquel asunto para adiante e todos, homes e mulleres, respectaban as miñas decisións como responsable, non me criticaban os erros ou alababan tonta-

mente os acertos por ser muller, senón na xusta medida na que acertaba ou erraba.

O mesmo acontece agora cando dirixo un proxecto, o normal é que termine impóndose o que unha leva dentro, a firme convicción de ser humano igual ás demais persoas.

Non digo que non haxa problemas e desequilibrios no camiño. É unha mágoa ter que gastar parte das nosas enerxías nesas trapalladas...

**A:** Fálase moito da existencia dun cine para mulleres feito por mulleres (pasou coa literatura tamén) e moitos críticos de cine ou historiadores pretenden poñer esa etiqueta a todas as películas feitas por unha muller. É un xeito de diferenciación e sobre todo de exclusión supoñendo así que as mulleres só poden facer cine para mulleres e non bo cine ou cine en xeral. Cal é a túa posición con respecto a esta etiqueta?

SR: Mira, un día fun presentar o *Kulechov* aquí en Galicia e proxectaban unha curta de Lara Bacelos, unha de Juan Pablo Echeberri e a miña.

A de Lara e a miña tiñan moitísima forza e contundencia. Diríamos que eran dúas temáticas, técnicas e estéticas perfectamente encaixable no que o mundo máis conservador tacharía de masculinas. Pola contra, a curta de Juan Pablo Echeverri era unha peza doce, delicada e sutil, perfectamente encaixable no que o mundo máis conservador tacharía claramente de feminina.

Afortunadamente, nin todos os homes son uns brutos nin todas somos unhas amanteigadas que se derreten polo amado...

Esas son opinións interesadas, olladas curtas e mesquiñas das que hai que afastarse e, como resposta, facer o noso traballo.

**A:** Pero podemos considerar que existe un punto de vista ou unha perspectiva propia das mulleres, a través da cal tal vez podamos facer visible a nosa percepción do mundo?

SR: Claro que existe! Somos mulleres, nacemos como mulleres, crecemos como mulleres e morremos como mulleres nun mundo que aínda marxina en moitos aspectos as mulleres. Polo tanto, somos diferentes, pero aspiramos á igualdade. Non é incompatible, os homes tamén o son, diferentes, pero están case sempre por riba. É unha cuestión de xustiza. É máis, a eses críticos que falan de *cine feminino* con tanta desidia, habería que explicarlles que no momento que categorizan están creando por contraposición o *cine masculino*, pero, existe iso?

**Non creo que haxa técnicas propias das mulleres, a técnica é independente dos xéneros, está aí e adaptámola ás necesidades. Si que ás veces adiviñas un xeito de ver o mundo case por identificación máis que por análise**

En positivo, diremos que todas esas capacidades que precisamente esa forma de vida durante tantos séculos conxurou a realidade das mulleres, fan que, para ben ou para mal, teñamos un xeito particular de ver e analizar o mundo.

Agora ben, penso que envolvendo todo iso está a suma de experiencias, sentimentos, formas, células e átomos que te constrúen como persoa. Sexas muller ou home, prima a esencia de cada un como suxeito.

**A:** Consideras que existe unha tradución na técnica desa perspectiva? Non sei tomando como exemplo Sofia Coppola, ou Iciar Bollain, Laura Mañá. O seu punto de vista á hora de dirixir é particular, pero saberíamos simplemente a través dos seus filmes que quen está detrás da cámara é unha muller?

SR: Hai diversas formas de situarse, pode ser unha persoa que expón o seu mundo interior e a súa visión das cousas e ademais é muller, como unha directora de cine, artista ou científica, ou pode ser unha muller consciente da súa condición e preocupada polo seu xénero, tratando de explicar problemas propios das mulleres dende a súa tribuna. Son cousas distintas e as dúas son válidas. Non creo que haxa técnicas propias das mulleres, a técnica é independente dos xéneros, está aí e adaptámola ás necesidades. Si que ás veces adiviñas un xeito de ver o mundo case por identificación máis que por análise. No caso destas tres directoras, as dúas primeiras teñen ademais un lado forte e nítido que os máis casposos tacharían de *perigosamente masculino*.

Creo que unha das claves na que estas tres mulleres coinciden é o que dicía ao principio, a actitude: interiorizar a igualdade aínda que do *mundo exterior* nos chegue outra onda.

**A:** Igualmente hai xéneros practicamente intocables para as mulleres como o *thriller*, o terror, a ciencia ficción... e sen embargo seguro que existe

un público tanto masculino como feminino ávido do mesmo..., pode ser que o feito de que case nunha muller se atreva con eses xéneros os dirixan case sempre cara unha audiencia masculina?

SR: Mira, eu non reflexionara sobre isto en concreto e ocrreseme que sendo xéneros moi específicos necesitan de moita produción, é dicir, moitos cartos e as produtoras tremen ante a perspectiva de colocar tanta pasta en *ideas de mulleres*. Pero pode haber aínda unha explicación máis inquietante, pode ser que ás mulleres non nos interese tanto cravar coitelos, sacar do ventre un alien ou atravesar un vampiro cunha motoserra. Dende logo, non nos vemos con claridade á hora de salvar o mundo nós soas coa axuda dun coche que fala nin temos tan á flor da pel a necesidade de facer coincidir once coches da policía nunha esquina. Non quere dicir que non teña que haber mulleres nestes xéneros. É máis, vou investigar que pasa realmente.

A: En relación co anterior, se ben é certo que eses son xéneros que gozan de moito éxito entre a xente nova, consideras que os gustos femininos cambian malia que practicamente a nosa infancia estea inzada dos mesmos estereotipos (barbies vs. X-Men)?

SR: Creo que a estrutura narrativa dominante segue sendo, infelizmente, dominante. Penso que se pode alterar na medida en que cada vez máis xente utilice a tecnoloxía de xeito crítico e construtivo, colocándose fronte ao noso particular *eixe do mal*. Xa sei que é fácil falar, pero mira... se me falas da Barbie, por poñerte un exemplo, a Xurxo Estevez, que sempre mira o mundo dende o outro lado, coñecino na facultade, como quen di, electrocutando a unha Barbi. Era un exercicio de deseño e alí todos fixemos sillas para a boneca máis ou menos aparatosas ou *glamurosas*.

El sentouna nunha silla de metal, enfrascoulle un casco con cables, encadrouna nunha cámara e

cando lle deu ao interruptor, todos vimos por unha pantalla de TV como se fundía a Barbie que tiñamos derreténdose diante das narices. Asistimos a unha pena de morte en directo e en diferido, mentres a montaxe de vídeo nos daba as cifras das execucións e condenas en USA, o país que creara a boneca. Foi unha das mellores cousas que vin na facultade naqueles tempos e, sen dúbida, das que máis me fixeron reflexionar e situarme fronte a algunhas cousas e cuestionarme a narrativa dominante.

A: Ultimamente todo pode parecer xa alcanzado, máis fácil, o machismo menos evidente ou o feminismo unha loita desfasada..., pero claro despois pretendes ser astronauta, soldadora ou directora de cine e que atopas?

SR: É verdade... unha grande mentira percorre Europa..., non, en serio. Para nada está a situación normalizada. É estratexia, covardía, máis do mesmo... Non o digo eu porque sexa muller. Nin o di Zapatero cando fai unha lei de igualdade ou coloca a unha embarazada fronte ás forzas armadas e corren ríos de tinta...

A realidade está na experiencia do cotián e a desigualdade percíbea calquera, home ou muller cun mínimo de sentido da xustiza.

Pero todo isto ten, coma sempre, un lado bo: que as mulleres non quedamos paradas esperando a que nos resolvan o problema. Xa hai séculos que collemos as cordas do noso destino e, as máis, somos activas, traballadoras e entusiastas e temos conseguido grandes cousas e aínda quedan unhas cantas. Afortunadamente tamén se suman homes que comparten esta perspectiva. Penso que –sobre todo– temos que ser conscientes do noso lugar no mundo, e cada vez o somos máis. No camiño, sufrimos, pero tamén temos aprendido, avanzado, aportado e reflexionado moito. ☺

PUBLICIDADE





A black and white photograph of classical sculptures. On the left, a standing female figure, possibly a goddess or a woman, is shown in profile, holding a draped garment. On the right, a larger, more abstract sculpture of a female torso is visible, showing the chest and abdomen. The background is dark, highlighting the light-colored stone of the statues.

Mulleres e  
**diversidade  
funcional II**

Coordina: Isabel Lodeiro Vales

# Políticas sociais e diversidade funcional

 ISABEL LODEIRO VALES

*Á miña familia e amigas e  
amigos por estar sempre aí*

Antes de comezar este artigo quería agradecer publicamente ao equipo de *Andaina* pola oportunidade que me brindou para coordinar estes monográficos sobre a diversidade funcional, pois, ao meu modo modesto de ver as cousas, este é un paso moi importante para dar algo de luz ao respecto deste tema; volverei sobre este punto ao final do texto.

Aclarado o anterior, o que pretendo neste artigo é dar certas liñas acerca de por onde deberían ir as políticas sociais cara a este colectivo. Para iso cómpre definir o que son estas e así entresacando as ideas de M.<sup>a</sup> Asunción Martínez Román (2003) temos que: a expresión política social pode utilizarse nun senso amplo para referirse ás actividades públicas tendentes á promoción e satisfacción do benestar da poboación, o que inclúe outros sectores ligados ao benestar, como son a área de ingresos,

saúde, aloxamento, educación, emprego e servizos sociais. Proseguindo, quizais poderíamos pensar que as políticas sociais teñen que ver coa pobreza, o cal non é de todo así, como logo explicarei, pois esta límitase ao plano económico e quero resaltar o que se di no libro *Introducción al Trabajo Social* (2003) sobre as causas da pobreza, pois entre as que cita, catro afectanlle á muller con diversidade funcional, a saber: estar no paro, ser muller, ter algunha discapacidade (diversidade funcional) e non ter recursos económicos, os cales, por certo, poden velos moi minguados a raíz desta circunstancia, ao non existir unha boa cobertura de servizos públicos.

A vista pois da pobreza que soe circundar as mulleres con diversidade funcional cómpre que falemos doutro termo, isto é, o da exclusión, que é un termo que se refire a problemática que presentan certos colectivos, como é o das mulleres con diversidade funcional, e que non se refire tan só á económica, senón tamén á educativa,

**El siglo XX será, no lo dudéis,  
el de la emancipación femenina...  
Es imposible imaginar una mujer  
de los tiempos modernos que, como  
principio básico de individualidad,  
no aspire a la libertad.**

[Clara Campoamor]

social, cultural e política, sendo todos estes factores sobre os que traballan as políticas sociais. A continuación vou analízalos un pouco máis polo miúdo, inda que hai que ter claro que todos estes factores mestúranse.

## **Económica**

É importante analizar este nivel, pois moitas veces non temos presente o dato de que o 40 % das diversidades funcionais acontecen en mulleres en idade de traballar, o cal debemos ter presente que para nada é exclusivo do que denominamos terceira idade, mais tamén cómpre dicir que as mulleres con diversidade funcional soen ter grandes dificultades económicas, pois das que están en idade de traballar tan só o fan sobre un 20 % e pode ser que cobren algún tipo de pensión, mais na maior parte dos casos soen ser de cuantía moi baixa o cal dificulta, e moito, a súa vida. No tocante ao traballo, as mulleres con diversidade funcional sofren moi a miúdo os prexuízos dos



[...] cómpre que falemos doutro termo, isto é, o da exclusión, que se refire á problemática que presentan certos colectivos, como é o das mulleres con diversidade funcional, e que non se refire tan só á económica, senón tamén á educativa, social, cultural e política, sendo todos estes factores sobre os que traballan as políticas sociais

empresarios, coma podemos observar no libro *Mujer, discapacidad y violencia: El rostro oculto de la desigualdad*, onde as propias mulleres relatan que lles soen negar o traballo por mor da súa diversidade ou, noutros casos, inda que teñan unha formación superior ao posto de traballo o empresario négallo; noutros casos o empresario pensa que non dan unha boa imaxe ou que non van render, é dicir, semella que os empresarios desconfían totalmente delas e teñen ideas infundadas e é como se estas mulleres tivesen que demostrar continuamente a súa valía, o cal pode levar, como se di logo no libro, a que algunhas escondan a súa diversidade funcional, sempre e cando sexa posible.

Así que se despois de todo este periplo non acadan traballo quedan nunha situación de gran vulnerabilidade, non só económica, senón con todas as implicacións que leva, porque poden quedar relegadas a realizar todo tipo de traballos de coidados, sen que ningún llos recoñeza nin lles pague

por eles, algo que a min me recorda ao texto que escribín para *Andaina* titulado «Feminismo versus pacifismo: Sobre Tres guineas», no que Virginia Woolf, xa no ano 1938, avogaba por que se lles dese ás mulleres que realizan traballos domésticos algún salario, de certo que esta podería ser unha primeira medida o cal non quere dicir, nin moito menos, que sexa a mellor, mais se non se están a dar outras algunha haberá que darlles, algún tipo de solución.


### Educativa

Para situarnos na exclusión que sofren as mulleres neste ámbito podemos botar man do informe editado polo IMSERSO en 2002, *La discapacidad en cifras*, onde vemos que un 9,9% de mulleres con diversidade funcional son analfabetas, un 22,9% non teñen estudos e un 36,8% teñen estudos primarios,<sup>1</sup> coido que non fai falla dicir nada máis, porque eses datos de por si son contundentes. O resto vén dado polo artigo aparecido na prensa

titulado acertadamente «Techo de cristal para los discapacitados»<sup>2</sup> que fala das múltiples barreiras que inda hoxe en día existen nas universidades e que explica, en parte, o escaso número de universitarios neste colectivo. A este respecto eu pododo dicir que como estudante nunha universidade galega ás veces atópome con múltiples barreiras que non terían por que existir se houbera unha planificación dos estudos máis flexible. Mais tamén cómpre que nos deamos conta dos múltiples prexuízos sociais que existen cara a este colectivo e que poden dificultar a súa chegada á universidade e estes poden vir mesmo da familia ou doutros actores sociais. Rompelos vai ser unha tarefa moi difícil, pero cómpre que nos preguntemos que se un 3,5% o cada, por que non cifras máis altas?

<sup>1</sup> Véxase *La discapacidad en cifras*, p. 96.

<sup>2</sup> Nova aparecida no xornal *El País*, 28-I-2008.



A este respecto eu podo dicir que como estudante nunha universidade galega ás veces atópome con múltiples barreiras que non terían por que existir se houbo unha planificación dos estudos máis flexible

### **Social-cultural**

Como sinala Teresa Supinos, a este colectivo de mulleres seguímolos considerando como pasivo, incompleto, etc., factor totalmente cultural como sinala continuamente Beatriz Gimeno, porque esas cuestións, por exemplo, encol da dependencia son moi relativas, xa que non dependemos todas e todos nalgunha medida dos demais? E como feministas non podemos pensar que os homes son dalgún xeito dependentes? Coido que podemos dicir que si, e non por iso os infravaloramos, é dicir, non estamos continuamente facéndolles ver o que non fan ou o que non saben facer. É por iso que cómpre esquecer este enfoque de ver as limitacións e non as capacidades, mais tamén cómpre que non nos cingamos a un único modelo de ver e comprender a vida, de vivila. O cal ben sei que é algo moi difícil, mais a este colectivo está a facerlle moito dano, porque o traballo se considera coma unha competición extrema e se unha non se adapta a eses parámetros entón exclúese e difícil-

mente vai optar a certas cousas da vida, pois mesmo podemos considerar que as relacións sociais baséanse, demasiado diría eu, en cuestións económicas, como poden ser as que temos con amigos, pois son consciente de que moitas mulleres quedaron fóra de lugar por non ter cartos para ir de viaxe, por exemplo e quen di iso pode dicir mesmo por non ter os suficientes cartos para unha simple entrada de cinema e, como non, con posibles amantes, pois non foxen do económico lamentablemente.

### **Política**

Antes de analizar a última das exclusións que eu considero relevantes, coido que é importante que reflexionemos un pouco sobre o que levo dito, porque, en definitiva, do que estamos a falar é dun ciclo vicioso que pode vir dado da seguinte maneira: non teñen apenas educación, co cal difícilmente van ter traballo e sen traballo non van ter recursos económicos, co cal o aspecto social e cultural es-

tá visiblemente afectado e finalmente isto conducirá a non ter ningún peso político, pois eu apenas coñezo a políticas con diversidade funcional e considero que para rachar este círculo é moi importante a educación. Inda que non me gusta dar datos persoais, coido que chegou o momento é que importante que diga que como estudante de Biblioteconomía a axuda que eu precisaba non foi suficiente; ademais, como hai que competir, quedaba afastada e ás veces semellaba que certas persoas me facían ver que eu non era merecente dese dereito e sei que a máis persoas lles pasou o mesmo. Ou sexa que hai xente empeñada en ver as limitacións, mais o que non nos podemos permitir nós, quen estamos deste lado, é que eses prexuízos nos invadan.

Interésame, e moito, analizar este aspecto, pois normalmente a visión que temos deste colectivo está moi condicionada polos prexuízos e os estereotipos que hai ao redor del. Penso que a xente o circunscribe á terceira idade, cando,


[...] a quen non se escoita, a esas mulleres ou a todas as mulleres, é dicir, a todas as mulleres feministas? Porque presupño que quen lea isto está do lado das esquerdas, e ben sabemos que iso implica tomar parte activa, e digo activa [...]



pola contra, un 40 % destas mulleres teñen menos de 65 anos, e o discurso non é outro que o da dependencia. Considero, dito sexa de paso, un gran avance a famosa Lei de Dependencia, aprobada hai un ano, e cómpre que se desenvolva completamente, mais como feminista non podo agachar o meu malestar por ser ese o único discurso. Lembro en relación con isto o texto aparecido hai dous anos e firmado por máis de duascenas feministas, o que se titulaba «Un feminismo que tamén existe», onde se dicía, entre outras cousas, que con leis non se poden cambiar as vidas das persoas, que fai falla a mobilización social, a educación, a toma de conciencia para acadar os obxectivos. Vaiamos por partes, no que respecta as leis cómpre mencionar a Lei de Igualdade de Oportunidades, non Discriminación e de Accesibilidade Universal das persoas con discapacidade do ano 2003, que podemos deducir non se está a cumprir, pois se así fose non estaríamos onde estamos, e este colectivo non precisa tan só uns coi-

dados, senón estes e mais exercer plenamente os seus dereitos. No tocante á educación é fundamental formar o alumnado nestas temáticas, porque continuamente, cando vou ás librerías e bibliotecas vexo libros sobre a multiculturalidade, mais ningún deste tema. Recentemente acudín a un curso sobre Educación para a Paz onde ben podería ter cabida falar deste tema, que non deixa de ser unha violencia estrutural.

Finalmente en canto á mobilización e conciencia social coido que é algo que nos atinxe a todas, porque continuamente me din que a este colectivo non se nos escoita. Eu coido que a resposta xa a atopastes nestas liñas ou senón vaia por diante a pregunta que sempre formulo: os dous principais movementos das últimas décadas, é dicir, o movemento feminista e o homosexual, chegarían onde chegaron se contasen cun 80% de paron as persoas que os integraron e integran e unha escasa porcentaxe de estudos universitarios? Coido que a resposta é máis que clara e é

por iso polo que debemos axudar a esta causa, a que estas mulleres se empoderen. Agora, ao expor estes datos, xa teño unha pregunta para todas as persoas que din que a este colectivo non se nos escoita –e non quero parecer provocadora–, a quen non se escoita, a esas mulleres ou a todas as mulleres, é dicir, a todas as mulleres feministas? Porque presupño que quen lea isto está do lado das esquerdas, e ben sabemos que iso implica tomar parte activa, e digo activa, como continuamente di frei Bieito, nas inxustizas, e esta é unha delas, tanto que estas mulleres non teñen esa liberdade que presupuña Campoamor –quen por certo non puxo reparos a ningún tipo de mulleres– e entendo que vai no sentido de que realicen as súas vidas en igualdade de oportunidades e que iso lles facilite ter un proxecto vital propio. 

# As mulleres con diversidade funcional:

## Pinceladas dunha realidade

 MARITA IGLESIAS\*

As mulleres con diversidade funcional<sup>1</sup> estamos discriminadas e esa discriminación está determinada polo feito de ser mulleres, ser diversas funcionalmente, ser brancas ou negras ou musulmás ou lésbicas ou vellas, etc. Porque, polo feito de ter esa condición, somos excluídas e marxinadas da educación, do traballo, dos bens e servizos, etc. Non é tan relevante a *cantidade* da discriminación que padecemos senón a *calidade* desa discriminación.

Unha das consecuencias da discriminación que soportan as mulleres é que as debilita, física e mentalmente e que as converte en mulleres facilmente abordábeis, manipulábeis e gobernábeis. Por suposto que unha autopercepción así conduce na maioría dos casos a un sentimento de inferioridade e falta de respecto para si mesma no que é moi fácil que se instale o abuso e a violencia. Convértense en seres vulnerábeis, non tanto pola súa debilidadade física senón por non poder exercitar os seus dereitos, vulnerábeis tamén pola súa falta de poder e capacidade de xestionar as súas

vidas. De aí que naqueles lugares onde ese desequilibrio de forza é máis rotundo e evidente como son as institucións residenciais, sexa onde a porcentaxe de abusos e actos violentos é maior. Canto máis desposuídas de poder, máis proclives a sufrir violencia e maltrato ao longo das súas vidas.

Son moitos e diversos os estudos en todo o mundo sobre a incidencia e características da violencia contra as mulleres con diversidade funcional. Danse neles moitas cifras que teñen un denominador común: **a incidencia da violencia contra estas mulleres é de tres a cinco veces máis frecuente que nas mulleres en xeral**. Neste caso a violencia non é só máis numerosa en incidencia, senón que máis diversa na súa manifestación. Falamos de violencia sexual, de violencia doméstica, pero tamén de violencia institucional, de esterilización non consentida, aborto non consentido, explotación médica, humillación, abuso de medicación, illamento social, abandono físico, negligencia e acoso.

Algunhas das cuestións que xorden entón son, se iso é así, por que a sociedade non o sabe? Por que a comunidade científica non o investiga? Por que as asociacións non o teñen dentro das súas prioridades? Por que a clase política o ignora cando planifica plans de prevención de violencia contra as mulleres? Por que non hai denuncias? Por que non se contan os casos nas estatísticas de vítimas de violencia?

\* [marita@asoc-ies.org](mailto:marita@asoc-ies.org)  
[www.asoc-ies.org](http://www.asoc-ies.org)

<sup>1</sup> «Diversidad funcional, nuevo término para la lucha por la dignidad en la diversidad del ser humano», J. Romañach, M. Lobato, Foro de Vida Independiente.

**A exclusión social da muller e tamén a do home con diversidade funcional débese procurar nos valores masculinos dominantes nas sociedades capitalistas. A súa discriminación bebe das mesmas fontes que a discriminación que sofren as mulleres en xeral, pero vese incrementado o peso da lousa da marxinación cando se lle suma o factor diversidade funcional**



Só teño algunhas respostas: porque somos seres sen identidade social, un grupo fóra da sociedade que non entra dentro dos seus plans, agás os especificamente dirixidos a ese grupo. Non contamos porque somos *outra cousa*. Porque tradicionalmente foi un colectivo en situación de exclusión social esquecido tanto polas políticas dirixidas á erradicación da discriminación por razón de discapacidade como polas que se dirixen a promover a igualdade entre homes e mulleres.


A causa da exclusión social da muller e tamén a do home con diversidade funcional débese procurar nos valores masculinos dominantes nas sociedades capitalistas. A súa discriminación bebe das mesmas fontes que a discriminación que sofren as mulleres en xeral, pero vese incrementado o peso da lousa da marxinación cando se lle suma o factor diversidade funcional. As mulleres ademais temos que enfrontarnos á infravaloración familiar e nas relacións sociais ao desprestixio social por non cum-

prir cos modelos femininos, ao noso maltratador, ás nosas semellantes –as mulleres en xeral–, a nós mesmas..., pero sobre todo, enfrontarnos en situación de desigualdade fronte a unha ideoloxía e cultura dominante, patriarcal, machista e despiadada que asume a diversidade humana sempre que a poda manter baixo control.

Outro dos elementos que posibelmente contribuíron a non facer visíbel esta situación é o feito de que á hora de analizar as causas da existencia da violencia contra as mulleres non se tivese en conta a relación que hai entre violencia e exclusión e se tivese centrado máis na violencia doméstica ou sexual. Para as mulleres con diversidade funcional o sexismo e a discriminación compoñen a realidade e condicionan a maneira de funcionar, interactuar co mundo.

Se se recoñece que as mulleres con diversidade funcional, con respecto ás demais mulleres, parten dunha posición social diferente, e se se recoñece tamén que algunhas das circunstancias da nosa discrimi-

minación son en parte diferentes ás que viven o resto das mulleres, as medidas que se emprendan para atallar e eliminar esa situación de opresión non poden ser, en moitos casos, as mesmas, mais non por iso deben de ser consideradas como medidas *extra* que nos aparten do resto das mulleres ou de ser consideradas como tales.

Aínda así, tanto o xénero como a diversidade funcional son construcións sociais baseadas e xeradas por unha ideoloxía imperante na nosa sociedade, pero, como tales construcións sociais, poden ser transformadas noutras con outros valores e simboloxía. Aí están as claves para empezar a romper a situación actual, dando lugar a outra onde atopemos novos equilibrios entre valores e respecto á diferenza. 

# Xénero, sexo, sexualidade e orientación sexual

 BEATRIZ GIMENO

Son muller, lesbiana e discapacitada, tres circunstancias que son nesta sociedade datos de discriminación. Tres conceptos, ademais fundamentais para a definición e autodefinición dunha persoa. Conceptos que remiten ó xénero, ó sexo (orientación sexual) e o corpo (sexo), e por iso cando dicimos «muller lesbiana e discapacitada» temos que facer referencia ós discursos sobre xénero, sobre a sexualidade e sobre o corpo. Discursos que se articulan uns cos outros e dos cales ningún é máis ou menos importante porque as opresións non poden colocarse en compartimentos. Antes coidaba que estes discursos de opresión e limitación se superpoñían de maneira sinxela, sumándose. Pero co tempo aprendín que non, que as cousas non son tan sinxelas e que en determinadas situacións, as múltiples discriminacións poden ter o efecto de anularse unhas ás outras. Creo que no referente á sexualidade as mulleres lesbianas con diversidade funcional poder ver atenuada esta circunstancia debido ó seu lesbianismo.


Cando se fala de discapacidade e sexualidade, ás veces dáme a impresión de que falta algo. Non está de máis recordar que a sexualidade é algo máis ca dereitos; que a sexualidade é pór o corpo en discurso; que a sexualidade é máis ca posibilidades: que é sexo e que o sexo é sobre todo desexo. E a desexar apréndese: unha cousa é a libido e outra a maneira en que expresemos culturalmente esa libido. E sendo o desexo unha construción social non se pode separar dos discursos culturais sobre o xénero, a sexualidade, o corpo, a capacidade ou as discapacidades. Precisamente as complexas relacións que establecen as mulleres cos seus corpos son unha parte fundamental do discurso de xénero. Todas as mulleres vivimos, inevitablemente, cos nosos corpos de maneira diferente a como o viven os homes; porque as mulleres somos corpo nunha cultura patriarcal: xúlgase nos, valórase nos, defínese nos en gran parte, non segundo sexan os nosos corpos, senón segundo a mirada que os homes (heterosexuais)

proxectan sobre eles. Os homes e as mulleres aprendemos a mirar sexualmente e facémolo de maneira diferente.

A mirada que os homes (o patriarcado) proxectan sobre as mulleres é unha mirada inclemente que está baseada nun ideal de muller imposible de alcanzar. O obxectivo é acadar que teñamos sempre a sensación de que os nosos corpos, sexan coma sexan, son sempre defectuosos. Non poden ser perfectos, sempre falta algo, sempre se pode facer algo para mellorar. Celia Amorós di que as mulleres pasaron de estar normativizadas pola moral e a ética a estar normativizadas pola estética.

Se as mulleres ocupan o sitio que ocupan nesta sociedade, se están dalgún xeito suxeitas a determinados discursos sobre o corpo, entón temos que preguntarnos que significa para nós, mulleres con diversidade funcional, nestas condicións concretas nas que unha é muller nesta sociedade concreta, ter un corpo que se supón que non cumpre con ningún dos canons esi-





Ós homes e ás mulleres ensínasenos a desexar cousas distintas. Os homes ensínaselles a erotizar, sobre todo, a xuventude e a beleza: os homes desexan mulleres mozas e belas. **As mulleres ensínaselles a erotizar outros factores. Por iso as mulleres a partir dos 40 vólvense invisibles para os homes, mentres que iso non ocorre á inversa**

xidos ós corpos femininos? Que significa para unha muller coma nós ter un corpo completamente diferente e ter que enfrontarse á cuestión de suscitar desexo con ese corpo? Como manexamos a nosa identidade respecto a isto?

Sempre estamos falando de invisibilidade, pero poucas veces falamos de que non hai maior invisibilidade que ser invisible para os demais en canto á posibilidade de suscitar desexo. O desexo ten que ver con moitas cousas, pero no caso das mulleres ten que ver con esa mirada opresiva e por iso, para cambiar a percepción que outros/as teñen sobre o noso corpo non hai outra maneira que reconstruír os discursos opresivos e empoderarse dende o corpo.

Os corpos son os discursos que os crean, as palabras que os nomean. Pero como mulleres e lesbianas non poderemos dar outra visión de nós se non nos empoderamos. Non imos cambiar a percepción social nin a nosa se non cambiamos de discurso e saímos totalmente do discurso patriarcal

sobre o corpo das mulleres. Barbara Hillyer di que para as lesbianas é máis doado que para as mulleres heterosexuais facernos conscientes da totalidade dos nosos corpos e pensar en nós mesmas coma un todo cos nosos corpos. O certo é que as lesbianas non estamos sometidas á mirada masculina. Non estou dicindo que calquera muller funcionalmente diversa teña que facerse lesbiana para ser feliz, pero si que as lesbianas non partimos cunha desvantaxe, senón, quizais cunha vantaxe respecto ó exercicio e goce da nosa sexualidade. Isto tamén o expresa moi claramente Hillyer cando afirma claramente que a perspectiva lesbiana para conceptualizar as narrativas das mulleres con discapacidade é intelectualmente superior. As lesbianas vivimos nun universo sexual e de desexo no que non contan os parámetros do desexo heterosexual. Ós homes e ás mulleres ensínasenos a desexar cousas distintas. Ós homes ensínaselles a erotizar, sobre todo, a xuventude e a beleza: os homes desexan mulleres

mozas e belas. Ás mulleres ensínaselles a erotizar outros factores. Por iso as mulleres a partir dos 40 vólvense invisibles para os homes, mentres que iso non ocorre á inversa. Por iso as mulleres son capaces de atopar atractivos a homes maiores, de idades nas que as mulleres xa non contan sexualmente para eles. As lesbianas non somos mulleres especiais. Non recibimos unha socialización específica de lesbianas, senón simplemente de mulleres, e como tales miramos e somos miradas con desexo por outras mulleres.

Nese senso, en realidade, no que se refire á mirada que os homes proxectan sobre as mulleres, e no que se refire ó desexo, ó corpo, coido que como lesbiana, a miña discapacidade ten un significado moi diferente do que pode ter para unha muller heterosexual. Monique Wittig afirma que as lesbianas non son mulleres. Con isto quere dicir que o termo *muller* só ten senso en relación ó termo *home*, e ó estar as lesbianas fóra do sistema heterosexual é nese senso no



E para rematar volto ó comezo, sinxelamente a repetir que todos estes discursos, xénero, sexo e capacidade, están tan conectados que estaremos equivocadas se pretendemos ocuparnos só dun deles. Son distintos pero ó tempo o mesmo e como tal hai que combatelos

que, dende logo, non somos mulleres. E inda se podería levar ese discurso máis alá, e dicir que nunha sociedade patriarcal todas as mulleres somos discapacitadas nalgún momento das nosas vidas, é dicir invisibles, é dicir pouco valiosas, é dicir non desexadas: mulleres maiores, mulleres *feas*, mulleres distintas... (obesas, discapacitadas, enfermas...). Todas elas nalgún momento das súas vidas viven os seus corpos como invisibles para o desexo, como obxecto de burla ou de vergoña, como pouco valioso, como non desexable. Que fai unha muller de 65 anos activa sexual-

mente á que lle gusten os homes?, onde vai? Se esa muller fose lesbiana non tería maiores problemas, non tería moitos máis problemas para ligar dos que podería ter de moza. E que fai unha muller avergoñada da súa celulite aparte de tentar combatela, de espirse ás escuras, de non sentirse feliz con ela mesma? Que diferenza hai entre unha muller avergoñada do seu corpo e unha muller discapacitada que se sinta non desexada? As dúas están no mesmo punto en realidade. Non se trata de que ó ser lesbiana desaparezan os problemas do corpo, é que estes son reflexo

da falta de autoestima, da falta de control e da falta de poder sobre nós mesmas e o contorno; cando unha muller se desheterosexualiza empodérase e cando unha muller se empodera, cambia, incluso corporalmente porque a mirada que se lle dirixe xa non pode ser de dominación.

E para rematar volto ó comezo, sinxelamente a repetir que todos estes discursos, xénero, sexo e capacidade, están tan conectados que estaremos equivocadas se pretendemos ocuparnos só dun deles. Son distintos pero ó tempo o mesmo e como tal hai que combatelos. **6**

NADA NOS INTERESA  
MÁIS QUE O GALEGO.  
NIGUÉN NOS INTERESA  
MÁIS CA TI

**A S Ó C I A - T E**

A MESA POLA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA  
Campo do Cruceiro do Gale, 7 - 1º - 15705 Santiago de Compostela - Tel 981 96 38 65 / www.amesa.nl.org

Nome:

Apelidos:

Enderezo:

C.P.:

Localidade:

Tel:

Cuota anual:

30,05 euros.

12,02 euros. Estudiantes e parados

Caba/Banco  Sucursal  DC

o/c lo libreta de zorro

Nome da entidade:

Enderezo:

# Definir a fibromialxia



MARGARITA PORTELA BARREIRO

A Organización Mundial da Saúde (OMS) incorpora a fibromialxia como enfermidade no ano 1992; e esta adhesión non entrará en vigor ata o 1993. A definición que este organismo achega é a daquela «condición dolorosa, non articular, que envolve os músculos e é a causa máis común da dor muscular-esquelética crónica e xeneralizada. Unha dor impredecible que varía dun día ao outro, polo que os/as pacientes nunca poden predicir como se sentirán o día seguinte».

A enciclopedia médica tamén se atreve a definila como «unha afección común caracterizada por puntos de sensibilidade e dor prolongados en todo o corpo, nas articulacións, nos músculos, os tendóns e outros tecidos brandos».

Outro achegamento que se pode topar en determinados manuais é o de «trastorno expresado con dor xeneralizada e evidencia a hipersensibilidade local e externa, ao que se asocia frecuentemente fatiga e alteración no descanso nocturno».

Podemos seguir pescudando sobre este concepto e atoparemos

centos e centos de acepcións distintas, se ben o fondo da cuestión é o mesmo. Porén, o máis rechamante é o feito de que nos dicionarios tanto da Real Academia Española coma no da Real Academia Galega, non hai entrada algunha deste termo. Como se non existise ou non debese ser considerado, aceptado e incorporado.

Cómpre dicir, pois, que realmente a fibromialxia se trata dunha enfermidade recoñecida como tal, pero o seu nome non o está nos dicionarios *oficiais*. É que acaso quince anos non son suficientes para aceptar un termo?

Porén, para as persoas que padecemos esta enfermidade, o máis grave non é iso, senón que a pesar de estar recoñecida oficialmente como unha enfermidade, a pesar de ser miles as persoas que a padecemos, a pesar de ser unha das causas máis comúns de consulta na atención primaria... a pesar de todo iso, a fibromialxia non é unha enfermidade incapacitante, nin sequera nos casos máis graves. É dicir, cando unha persoa padece fi-

bromialxia sabe que vai padecer esa enfermidade toda a súa vida, pois é crónica; sabe que non vai a ter unha medicación que poida paliar os efectos; sabe que terá que aprender a convivir con ela; pero tamén sabe que non ten dereito a ningunha prestación á cal si podería acceder no caso de sufrir *outra enfermidade*.

Quizais esteamos a pedir demasiado ou quizais soamente esteamos a pedir o que pensamos que nos corresponde. O que si sabemos seguro é que seguiremos a loitar para chegar a alcanzar os obxectivos que como asociación nos marcamos ao nacer, ou polo menos, aínda que non todos, si algún.

De momento só nos queda seguir loitando e aguantando o día a día, e axudar outras persoas que, coma nós, están a pasar por unha situación nova para elas da cal descoñecen todo, menos o nome. Porque aínda que os membros das reais academias das linguas non o coñezan, nós si. ☞


# I Marcha pola Visibilidade da Diversidade Funcional

 ISABEL LODEIRO VALES\*

O pasado 15 de setembro de 2007 tivo lugar en Madrid a I Marcha pola Visibilidade da Diversidade Funcional, isto é, a visibilidade das persoas con algún tipo de discapacidade, inda que as persoas que integran o Foro de Vida Independente –que foi quen organizou o evento– rexeitan termos como *discapacidade* ou *minusvalía*, polo sentido pexorativo que conteñen e propoñen a expresión *diversidade funcional*.

A marcha congregou arredor de mil duascenas persoas procedentes de toda España, o cal é todo un reto: reto, por ser visibles en Madrid tantas persoas con diversidade funcional, pode considerarse que é a primeira vez que acontece algo así; reto, polas dificultades engadidas que presenta parte deste colectivo, pois hai persoas que precisan superar as barreiras arquitectónicas; reto, por ser as propias persoas con diversidade funcional as que tomaron parte plenamente no acto, acostumadas como están a que sexan as asociacións as que pensen e decidan por elas, a facelas

dependentes e non independentes, de aí todo o reto que supuña esta manifestación.

Tras ela o que queda é que a sociedade comece a mirar as persoas con diversidade funcional con outros ollos, mirándoas en primeiro lugar como persoas, coas mesmas necesidades que todo o mundo, incluídas as afectivas, e mirándoas tamén con capacidades ou altercapacidades que hai que saber valorar. En canto ós poderes públicos, tamén lles toca fomentar a súa independencia promovendo a vida independente –por certo, porque se denomina Lei de Dependencia e non de Independencia a lei aprobada recentemente que din vai ser o cuarto pilar do Estado do benestar?– e facendo efectiva a súa integración e participación na vida laboral, económica, cultural, política, algo que está moi lonxe de acontecer a día de hoxe. Defendamos a diversidade, a diferenza e a dignidade para todas xa! 

\* Activista, membro do Foro de Vida Independente.



# O feminismo da diversidade funcional: Facendo camiño\*

E sabido que quen ten o poder é  
quen dá nome ás cousas  
(e ás persoas).

Celia Amorós

SOLEDAD ARNAU RIPOLLÉS\*\*

Acostumo comezar os meus textos *feministas* con esta cita de Celia Amorós, xa que comparto plenamente o seu significado e coido que expresa maxistralmente toda a carga que supuxo para o colectivo de mulleres con diversidade funcional. O simple feito de non ter accedido ós espazos de poder, en ningún senso, nin tan sequera dentro do movemento asociativo tradicional da diversidade funcional, supón que aí estean: soas, perdidas, e sen saber moi ben inda *cal é o seu rumbo nesta historia do mundo*. Elas, as *sen poder*, non puideron nomear nin tan sequera as súas cousas. Nin as súas persoas.

Neste artigo, por tanto, pretendo dar a coñecer unha realidade do feminismo que practicamente inda *se atopa en cueiros*. Inda, a día de hoxe, é un tema bastante descoñecido que se escoite falar da voz das mulleres que teñen algunha diversidade funcional no que é o pensamento feminista xeral.

Ó longo destas últimas décadas constatamos que o Movemento Feminista sufriu multitude de trans-

formacións, ó tempo que distintas teorías e enfoques que se foron desenvolvendo se superpuxeron uns a outros, dándonos a entender que xa non é propio falar de feminismo en singular –de abstraer un estándar de Muller, para referirnos ás mulleres–, porque somos nós, as propias mulleres, dende os nosos contextos existenciais, quen imos creando unha clara necesidade conceptual de pórnos a falar de feminismos en plural.

Agora, o paso seguinte que debe recoller *esa voz*, é que está composta de moitas *outras voces*, tales como: feminismo da igualdade, feminismo da diferenza, feminismo *queer*, ecofeminismo, feminismo lesbiano, feminismo transexual, ciberfeminismo..., que, a fin de contas, non son máis cá expresión pública e aberta de que as mulleres somos diversas; de que, dentro *dunha mesma voz, a voz feminista*, temos moitas outras voces diversas e distintas; de que, en definitiva, as mulleres temos diversas e distintas necesidades e demandas, pero que, baixo ningún concepto, dita plura-

lidade debe significar *distancias* entre unhas e outras.

Inda que sobrevivian esas diferenzas, esa pluralidade, coido que si estaríamos todas de acordo en que *a demanda* é a mesma: queremos e buscamos un mundo mellor, dende onde *poder* –no senso de *ter a posibilidade de...*– nomearnos a nós mesmas, en expresión de Amorós, ser, cada unha de nós, referente dende onde partir no noso pleno desenvolvemento persoal e social; pero, para non caer nun ordinario solipsismo, debemos ser referente tamén para transformar a realidade e, así, superar as desigualdades estruturais que ata agora imperan nas nosas sociedades e culturas.

\* Resumo do artigo publicado integramente na páxina web da revista, [www.andainamulleres.org](http://www.andainamulleres.org).

\*\* Experta en violencia de xénero e vida independente



Tal e como apunta Margaret Lloyd (1992) o feito da discapacidade é un proceso que as mulleres con diversidade funcional padecemos en forma de exclusión simultánea: sufrímola «por razón de discapacidade» + «por razón do noso xénero»

As mulleres con diversidade funcional (discapacidade) poderíamos afirmar sen titubear que formamos parte desa amalgama de mulleres que queda dentro do *apartado* de *máis* diversas e diferentes, nun gran silencio e exclusión do discurso oficial feminista (quedamos, por tanto, *sen voz*); e con iso déixase claro que as mulleres con diversidade funcional *non nomeamos as cousas nin as persoas* nin tan sequera a nós mesmas.

#### **O feminismo da diversidade funcional: xénero + diversidade funcional**

A expresión de *feminismo da diversidade funcional* non é máis que a expresión que cuñei xa noutros artigos anteriores (Arnau Ripollés, 2005), e que ten como obxectivo principal recoller nunha liña de pensamento feminista non só como interactúa a suma de *xénero* máis *diversidade funcional* (dende fóra), senón que tamén e, sobre todo, como, quen se atopan nesa situación (dende dentro), son capaces de dar expresión as súas experiencias vitais de como debemos concibir e interpretar as súas realidades máis propias: as súas maneiras diferentes de ser e estar no mundo a través dos seus corpos, as súas sexualidades, os seus códigos e esquemas xesto-lingüísticos e de comprensión, a súa cultura da diversidade funcional...

Como iremos vendo, estas dúas categorías cando se unen, cando se suman, conflúen nunha permanente discriminación e/ou vulneración dos dereitos humanos de

moitas mulleres con algún tipo de diversidade funcional. Dita *dobre desvantaxe* que sofren estas mulleres, a discriminación por razón de diversidade funcional + por razón de xénero, desenvolveu unha teoría principalmente de carácter sociolóxico que pretende dar explicación do que implica a combinación destas dúas variables: referímonos, que dúbida cabe, á Teoría da Dobre Discriminación ou Teoría da Discriminación Múltiple.

Tal e como apunta Margaret Lloyd (1992) o feito da discapacidade é un proceso que as mulleres con diversidade funcional padecemos en forma de exclusión simultánea: sufrímola «por razón de discapacidade» + «por razón do noso xénero». Agora ben, o problema principal xorde na constitución da identidade deste grupo de mulleres, no sentido de que situar en primeiro termo: a exclusión «pola discapacidade» ou «polo xénero». Lloyd apunta a que a primeira variable que inflúe negativamente na construción da identidade dunha muller con diversidade funcional

As mulleres con diversidade funcional, pois, non soamente temos dificultades para ascender e traspasar *o teito de cristal* dentro do propio movemento asociativo de discapacidade, senón que tamén atopamos enormes dificultades á hora de *desprazarnos horizontalmente*, cada vez que tentamos acercarnos a esa metade da humanidade (as propias mulleres)



é, precisamente, a súa diversidade funcional; e, como consecuencia diso, ó ser considerada *dis-capacitada* (é dicir, con *menores capacidades*), considérase *in-capaz* de asumir e desenvolver os roles femininos tradicionais.

Pam Evans cita unha lista de prexuízos por parte de persoas *sen* diversidade funcional cara a quen si teñen algunha e, entre outros, di así:

- ▶ Que somos asexuais, ou no mellor dos casos, sexualmente incompetentes.
- ▶ Que non podemos ovular, menstruar, concibir nin dar a luz, ter orgasmos, ereccións, exaculacións nin fecundar.
- ▶ Que se non estamos casados ou cunha relación estable é porque ninguén nos quere, e non porque sexa a nosa decisión persoal permanecer solteiros ou vivir solos.
- ▶ Que se non temos un fillo, debe ser causa de profunda mágoa, e igualmente nunca se pode deber á nosa elección.

As mulleres con diversidade funcional, pois, non soamente temos dificultades para *ascender* e traspasar *o teito de cristal* dentro do propio movemento asociativo de *discapacidade*, senón que tamén atopamos enormes dificultades á hora de *desprazarnos horizontalmente*, cada vez que tentamos acercarnos a esa metade da humanidade (as propias mulleres).

Así, e para rematar este apartado, é preciso resaltar o feito de que, unha vez este feminismo da diversidade funcional emprenda ben a súa andaina teórico-práctica, haberá de aprender a:

- ▶ Esixir que *as súas voces* teñan cabida dentro do Movemento Feminista xeral e abrir diálogos entre estes *Dous Mundos* (a diversidade funcional + todas as demais diversidades posibles: sen diversidade funcional, diferenzas raciais-culturais, distintas orientacións sexuais, inmigración, infancia, maiores...) porque, mentres non sexamos capaces de romper os *teitos* e *paredes de cristal*,<sup>1</sup> haberá violencia

contra as mulleres con diversidade funcional.

▶ Saber incluír *as distintas voces de mulleres con diversidade funcional*, coa fin de non reducir a muller con diversidade funcional a: muller con diversidade funcional física, branca, occidental, heterosexual, de clase media, de mediana idade e de tradición xudeo-cristiana, posto que reduci-la a ese pseudo-estándar de muller cunha diversidade funcional determinada, supón, en definitiva, perpetuar esas *paredes* dentro deste grupo de mulleres.

<sup>1</sup> Cuñei a denominación de *paredes de cristal*, a fin de facer patente que a discriminación non só é en sentido vertical, senón que tamén posúe unha dimensión horizontal. Non hai máis que ver a discriminación que persiste nestes intres entre a multiplicidade de grupos de mulleres, onde, coma sempre, as mulleres con diversidade funcional, seguen estando *invisibles*.



O feminismo da diversidade funcional ten, como misión, sacar á luz esta permanente marxinación e vulneración que invisibiliza as súas vidas e as súas voces para rachar dunha vez por todas con esta inxustiza social, recoñecéndoa publicamente e, así, comezar a *tomar cartas no asunto...*

### Conclusións

Ó longo deste artigo tratei de dar a coñecer como se entrelazan dúas variables (diversidade funcional + xénero) nun grupo de mulleres concreto que, dados os infortunios respectivos que padecen todas aquelas persoas que son *incluídas* en cada categoría particular, á hora de unirse ou sumarse provoca un forte estoupido de discriminación e vulneración de dimensións insospeitadas e, por iso, é lícito afirmar que estas mulleres *sobre-viven* en constante manifestación de violencia.

As mulleres con diversidade funcional sofren violencia en tanto en canto ven os seus dereitos humanos permanentemente violados ou vulnerados. Sofren o *castigo* da dominación masculina cando, se buscamos estatísticas, se nos di que os homes con diversidade funcional ocupan cargos profesionais e de poder considerablemente máis altos ca elas, mesmo dentro do propio movemento asociativo deste colectivo de persoas; cando elas padecen maiores cotas de analfabe-

tismo; menores salarios; maior dependencia económica e afectivo-emocional; viven períodos máis longos de hospitalización; institucionalízanse s moito máis, tanto en centros de día como en residencias de discapacitados; incapacítanse social, e mesmo xuridicamente, para que non poidan desempeñar roles femininos tradicionais, tales como: ser nais, esposas, boas amantes, coidadoras dos seus familiares, ser mulleres atractivas ou sedutoras...

O feminismo da diversidade funcional ten, pois, como *misión*, esperemos que *posible*, sacar á luz esta permanente marxinación e vulneración que invisibiliza as súas vidas e as súas voces para rachar dunha vez por todas con esta inxustiza social, recoñecéndoa publicamente e, así, comezar a *tomar cartas no asunto...*

Sen embargo, se este novo feminismo pretende constituírse nunha boa teoría *feminista* que se prece, non terá suficiente con *dar a coñecer publicamente* as situacións discriminatorias e inhumanas que

sufrimos as mulleres con diversidade funcional, en moitos casos; senón que, máis ben, aspirará a redescubrir as súas realidades máis propias descontextualizándoas do modelo médico-rehabilitador, para nomealas por nós mesmas con novos parámetros de pensamento: dun pensamento feminino propio *DENDE* a diversidade funcional. **6**



# Que é *Gaiola Aberta?*

 MARÍA AMENEIRO\*

*Gaiola Aberta* é unha revista que leva na rúa dende 1992. Sacamos varios números que consideramos importantes e, ás veces, esquecidos.

*Gaiola Aberta* colle dende a problemática social ate a poesía. Unha revista que non ten interese en facer cartos senón en espallar ideas. E buscamos o xeito de conquistar solucións as problemáticas que se dan nestas terras e a nosa solidariedade con outros pobos.

Moitos/as dirán, por que esta revista, habendo unhas cantas no mercado? Pois si!, porque hai un anhelo que nos leva a poñer o berro en forma de escrita. É o berro limpo, potente, rotundo..., non se trata de pasar o tempo, de facer por facer. A problemática da sociedade é o que tratamos. A satisfacción de mellorar a vida. As reivindicacións están na mente e no papel. Non temos censura, non temos xefes, o único que se pide é que a lingua da revista sexa o galego (xa pode ser un galego lusista ou normativo...).

Nestes últimos números tratamos sobre a *psiquiatría*, a *ecoloxía*

e, agora, estamos tratando a problemática da *muller*.


Aí estamos xente que recibe tratamento psiquiátrico e xente que forma parte do berro. Que traballe a mente é fundamental e iso échenos de ledicia, cando un/unha compañeiro/a vén co seu escrito cheo de esperanza.

Utópica?, e por que non?, acaso é delito falar de ecoloxía? ou do machismo que ensinan aos nenos/as para ser futuros represores?

Utopía?, e por que non?, acaso os logros non se van vendo? Aínda que sexa pasiño a pasiño, algunhas cousas vanse solucionando. Por iso hai que coidala, está aquí, aí, e máis alá.

Utopía?, sóltase ás veces a risa da ledicia de que isto é entre nós, entre o pobo, coa música da liberdade.

E así é *Gaiola Aberta*, un espazo de xustiza para mellorar o planeta.

Unha aberta a *Andaina*, queridas amigas loitadoras. Un bico para vós. 



\* Membro de *Gaiola Aberta*



Entrevista a

# Mercedes Alonso López

(da asociación Teima)

ISABEL LODEIRO VALES

Hai uns días entrevistei a Mercedes Alonso, pois considerei moi oportuno que neste monográfico se falase tamén da diversidade funcional intelectual, isto é, das persoas con síndrome de Down, e decidín facela a alguén da asociación Teima, neste caso a Mercedes Alonso, pois sabía que estaban a facer un gran labor a prol da integración deste colectivo e, ao mesmo tempo, quería situar a localización nunha cidade máis pequena, pois os grandes proxectos non teñen que ir necesariamente acompañados das grandes urbes e tamén cómpre ter en conta as cidades máis pequenas.

En canto á biografía de Mercedes Alonso convén sinalar que estudou Psicoloxía na Universidade de Santiago de Compostela, ademais de psicóloga está especializada na Terapia Familiar, a cal, dende o meu punto de vista, é unha das terapias máis innovadoras da Psicoloxía. Dentro da asociación Teima desenvolve o cargo de coordinadora desde o ano 2000 e tamén se encarga da atención ás familias e tamén é a responsable do servizo de Inserción Laboral.

Así pois comezamos a entrevista

IL: Que tipo de actividades realizades na asociación?

MA: As actividades que realizamos son múltiples e abarcan todo o ciclo vital das persoas usuarias e familiares, así, en primeiro termo, temos o da orientación familiar que o que persegue é informar e asesorar as familias. Outro punto que consideramos fundamental é o do reforzo escolar que se orienta na liña de ofrecer unha educación de calidade nun marco integrador e normalizado; tamén nesta liña está a atención temperá, que vai dirixida á poboación infantil, á familia e ao entorno e que ten por obxectivo dar resposta o máis pronto posible ás necesidades transitorias ou permanentes que presentan as/os nenos/as con trastornos no seu desenvolvemento ou que teñen o risco de padecelos. Outras áreas de actuación son a logopedia, a alfabetización de adultos e, finalmente, a inserción laboral.

IL: Á vista de todas as actividades que realizades coido que convén desglosalas, e así deberíamos ir ao comezo, é dicir, cando as familias teñen un neno ou unha nena con síndrome de Down ou ben cando durante o embarazo se lles di que vai presentar esta diversidade funcional, que actitudes soen ter? Que reaccións demostran?

MA: Cando o pai e a nai saben que van ter unha criatura con síndrome de Down a primeira reacción é de desgusto, pois non era o que esperaban e ningún está preparado para esta nova.

Convén dicir que dende a asociación Teima reclamamos o dereito de todas as nais a esixir a proba da amniocentese, mais tamén insistimos en que as nais e pais deben ter claro o que van facer, porque a proba se realiza na semana dezaseis mais o resultado non se dá ata o quinto mes, co cal, de saberse que vai presentar o síndrome de Down, a situación de dúbidas sobre que facer vai ser moi dura. O que facemos dende a asociación Teima é dar información, as posibilidades desa nena ou neno, porque, por exemplo, podemos dicir que no ano 1930 a esperanza de vida era tan só de 9 anos e hoxe en día é de 60 anos, e quen di con este tema pode dicilo con outras facetas, coma o nivel de estudos ou a inserción social e laboral.

IL: Proseguindo co seu ciclo vital, que liña filosófica seguides en canto á educación, defendedes a plena integración en escolas normalizadas?

MA: Si, claro, queremos a plena integración. Un dos obxectivos e liñas de actuación fundamentais da asociación Teima é a de defender a plena inte-

**[...] dende a asociación Teima reclamamos o dereito de todas as nais a esixir a proba da amniocentese, mais tamén insistimos en que as nais e pais deben ter claro o que van facer [...]**

gración das persoas con síndrome de Down, tanto no medio familiar coma no social e laboral e, por suposto, no educativo, e todo iso nas condicións máis adecuadas. Así, máis en concreto, temos unha relación directa cos centros educativos onde hai nenos/as con esta problemática e ofrecémoslles todo o asesoramento que precisen tanto en materia de información coma para a realización de actividades de cara a que a integración e a interacción entre todos/as sexa o máis normalizada posible.

IL: Matizando un pouco máis o anterior, coido que cómpre falar de Pablo Pineda, que como se sabe é un mozo con síndrome de Down que superou os estudos universitarios, que foi o que fixo posible isto? Por que non hai máis casos?

MA: Cómpre dicir que Pablo Pineda, que é psicoterapeuta, contou dende os 7 anos cun entorno que facilitou, e moito, a súa aprendizaxe, a cal foi excelente e acadou os estudos superiores grazas ao que se denomina Proxecto Roma que naceu no ano 2003, entre as cidades de Roma e Málaga, e que desenvolve un novo modelo educativo máis humano e integrador para estas persoas, a súa filosofía nace de considerar que a intelixencia non se define, constrúese.

Mais este foi un caso illado, porque Pablo Pineda de seguro que contaba cun coeficiente intelectual dos máis altos entre este colectivo e iso engadido ás axudas das que gozou facilitou este feito.

Pero para o resto deste colectivo hai que dicir que cada vez, a nivel nacional, hai máis rapazas e rapaces con bacharelato e ciclos formativos medios.

IL: Continuando coa vida lineal, unha vez que rematan os estudos, que tipo de apoio lles ofrecedes para a vida laboral?

MA: A inserción laboral trabállamola a través da Metodoloxía do Emprego con Apoio, é dicir, deseñamos un conxunto de medidas e apoios que, a



**O preparador laboral adentra as posibles traballadoras nas tarefas in situ, na empresa, contemplando igualmente o compoñente social, é dicir, potenciando a autonomía urbana (desprazamentos á empresa), a relación cos compañeiros e o coñecemento da dinámica do entorno laboral (xefes, encargados, como ir ao baño, etc.)**

persoa con síndrome de Down, a súa familia e as persoas empregadoras precisan para desenvolver un traballo nunha empresa ordinaria do mercado laboral. Fórmanse as rapazas e os rapaces nas habilidades e tarefas propias dun posto de traballo coa fin de adquirir as competencias laborais precisas. Como se preparan á medida das necesidades da empresa, cando estas os precisan contrátanos. O preparador laboral adentra as posibles traballadoras nas tarefas in situ, na empresa, contemplando igualmente o compoñente social, é dicir, potenciando a autonomía urbana (desprazamentos á empresa), a relación cos compañeiros e o co-

ñecemento da dinámica do entorno laboral (xefes, encargados, como ir ao baño, etc.). A medida que as persoas usuarias teñen autonomía no posto de traballo, o preparador laboral vai deixando o apoio progresivamente ata a total independencia no terreo laboral desas usuarias.

IL: Efectivamente que dende a asociación Teima defendan o emprego ordinario é todo un logro, pois para o colectivo das persoas con diversidade funcional moitas veces, por non dicir case sempre, oférganse traballos en centros especiais que o que fan é segregar, formar guetos, e para nada normalizar.

Querería saber tamén se a inserción laboral é a mesma para as mulleres ca para os homes?

M.A: Non, non é a mesma, concretamente nós temos sete persoas usuarias traballando: cinco homes e dúas mulleres.

IL: A que se deben estas diferenzas?

MA: No caso das rapazas, as familias soen ter máis medos e así as fillas están máis sobreprotexidas, o cal conduce a unha infantilización, porque neste caso neses medos tamén opera o tema da sexualidade, é dicir, as familias pensan niso de *a ver se se van aproveitar dela*.



**IL:** Que respostas tendes por parte da Administración?

**M.A:** Tiñamos un local en Caranza que se inundoou, agora estamos neste que nos cedeu Caixa Galicia, mais dende hai un mes a Consellería de Vivenda a través do Instituto Galego de Vivenda e Solo cedeunos un local, o definitivo, que está máis céntrico, na Avenida de Esteiro, que é un entrecán de 350 metros cadrados, pois confiaron totalmente no noso traballo.

Tamén temos en marcha un proxecto de Vida Independente que é o compromiso da cesión dun apartamento por parte do Concello de Narón para executar no ano 2008 un proxecto de vida independente coas persoas usuarias de Teima en idade adulta. Este proxecto trata de desenvolver nun contexto de ensinanza-aprendizaxe real as actividades propias da vida doméstica cotiá.


**IL:** Finalmente quixera preguntarche polo futuro destes rapaces ou adultos e das preocupacións das nais e pais polo día de mañá, como afrontades este tema?

**MA:** O certo é que xa dende o momento do nacemento destas nenas ou nenos as familias preguntáanse que vai ser dela ou del? Nós o que lles dicimos ás nais e aos pais e que o futuro non se sabe

**[...] temos en marcha un proxecto de Vida Independente [...] coas persoas usuarias de Teima en idade adulta**

para ningunha nena ou neno, teña ou non esta síndrome, o que si sabemos é que si se constrúe un bo presente, potenciando as habilidades, o futuro pode ser máis esperanzador.

Efectivamente o futuro constrúese día a día e a min ocórreseme dicir iso de que ás veces se nos di que non temos futuro e quen nolo di debería ter en conta que o futuro non é máis ca unha páxina en branco ou unha fe de erratas, coído que as mulleres que temos diversidade funcional o que queremos é ter páxinas e páxinas en branco, tantas coma o resto de mulleres, e queremos equivocarnos e acertar porque niso consiste a vida e iso é o que están a facer valentemente dende Teima dándolles todas as posibilidades ás persoas usuarias e iso é moi digno e de agradecer.

Pódese atopar máis información en:  
[www.down-teima.iespana.es](http://www.down-teima.iespana.es) 

# Poema

ISOLDA SANTIAGO

## SEN TÍTULO

Hai unha única matriz  
inmensa  
que nutre a infinitas naturezas  
abre pecha abre  
coma unha ferida que non cesa.

As nosas vidas son historias de camiños  
e os seus salteadores.  
Fixemos da soedade un habitáculo  
decorámolo con punto de cruz e almanaques  
caducifolios.

Somos unha carencia nada sutil  
ou unha sobredotación  
ou ámbalas dúas cousas.

Ás veces sáenos unha perna curta  
e ás veces brótanos un brote  
vírico sáfico esquizoide  
e ás veces abandoanos o mal que nos posúe  
ata quedar baleiras e saír a  
buscar outro mal que nos posúa polos  
mostradores das tabernas.

E todo pode ser ao mesmo tempo.

Coa perna crebada algunha sostén a bandeira  
coa cadeira arrítmica  
coa caricia artrítica  
co ollo de reollo  
co dedo estrábico de contar estrelas  
fuxidías.  
No arco da vella outras poñen a enxugar  
os panos íntimos.

O rosa é a cor das ilusións lastradas  
un vermello esvaído.  
Entoamos liturxias  
fabricamos mantos marianos e cubrímonos  
pero non nos salvamos  
só erguémonos  
para morrer erguidas.

Levamos dentro unha batalla coma quen  
leva unha fogueira.

Somos un espello de múltiples reflexos  
unha memoria colectiva  
un soño común abaneado no mesmo tendedeiro  
somos a conmiseración a mágoa a entrega  
o sacrificio a xenreira a  
valentía.  
Debatímonos en definitiva  
entre ser riada ou ser goteira.

E temos un teito de cristal para observarnos  
en decúbito supino.

Vampirela mostra debilidade polos homes  
Belcebú elixe o sexo a vontade  
Amparo morre santa en Tanganica  
Saturna vai ao millo  
Chapódase os pés a cada paso.

Neste presente de deusas abatidas  
a cor semilla unha innecesaria indecencia. 6



# XÉNERO E CIENCIA

As imaxes deste artigo pertencen ao vídeo do Plan INCITE

## Unha visión dende as políticas públicas galegas

**Dominar la tecnología más puntera significa tener una mayor implicación en el futuro, cuando no ejercer un mayor poder sobre él.**

 ALBA ALONSO ÁLVAREZ

Judy Wayjzman<sup>1</sup>

A literatura en materia de ciencia e xénero ten evidenciado en numerosas ocasións cómo as desigualdades entre homes e mulleres teñen unha clara manifestación no eido científico-tecnolóxico. O caso galego non é unha excepción, e como consecuencia, amosa datos tan reveladores como que só o 23,5% do alumnado que cursa bacharelato tecnolóxico son mulleres, que

soamente o 11% das universitarias galegas se atopan nas especialidades que ofrecen as ensinanzas técnicas ou que a porcentaxe de catedráticas oscila entre un 11 e un 20,4% segundo a universidade.<sup>2</sup>

Este tipo de datos, moi semellantes sexa cal for o territorio que analicemos, sitúannos ante unha realidade moi teimuda.<sup>3</sup> A ciencia non é aquel lugar onde a merito-

<sup>1</sup> WAYJCMAN, J.(2006): *El tecnofeminismo*, Madrid, Cátedra (Colección Feminismos).

<sup>2</sup> Datos extraídos de VÁZQUEZ CENDÓN, E. et al. (2007): *As mulleres no Sistema Educativo de Galicia: Situación actual*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, Cadernos da Unidade de Muller e Ciencia.

<sup>3</sup> Pódese atopar unha interesante recompilación de datos por países en UNESCO (2007), *Science Technology and*

Nas políticas galegas, podemos afirmar que a Consellería de Innovación e Industria, deu comezo ao longo traxecto cara a introducción do *mainstreaming* en todas as súas actuacións. O primeiro paso foi a incorporación do obxectivo da igualdade no seu plan rector, o Plan INCITE (2006-2010)



cracia e a igualdade son os valores imperantes. Moi polo contrario, as relacións de xénero teñen unha clara presenza, provocando dous fenómenos concorrentes. Por unha banda, as mulleres escasean nas áreas de coñecemento relacionadas coa tecnoloxía en todos os niveis educativos. Iso significa que ben como alumnas ben como profesoras, non atoparemos unha representación paritaria nin nun ciclo de formación profesional de electrónica, nin nunha licenciatura en enxeñería industrial, feito que deriva nunha segregación horizontal que sitúa ás estudantes en certas especialidades. En segundo lugar, destaca a persistencia dunha segregación vertical que mantén ás mulleres nos postos máis baixos da xerarquía. Esta infrarrepresentación ten o seu cerne na perda de alumnas que comeza nos primeiros anos de doutoramento e que continúa como unha auténtica *fuga de canles* durante toda a carreira científica.

Ante este tipo de achados, as investigadoras feministas teñen apuntado numerosas recomendacións: recompilar estatísticas comparables e desagregadas por sexos que visibilicen en maior medida a desigualdade, incidir na coeducación de modo que se eliminen os estereotipos sexuais que inflúen na escolla académica, mellorar os sistemas de selección e ascenso no ámbito científico etc. Xunto a este tipo de actuacións, menciónase en numerosas ocasións a necesidade de introducir a perspectiva de xénero nas políticas científicas.<sup>4</sup> Este

tipo de medida iría encamiñada a que as autoridades competentes neste ámbito repensaran todas as súas actuacións co obxecto de escudriñar onde adoecen de androcenismo ou en qué aspectos son potencialmente favorecedoras da igualdade. Esta abordaxe estrutural pretende ampliar o campo de acción das tradicionais políticas de xénero, entendendo que ningún área política é allea ás desigualdades entre homes e mulleres, dado que é un fenómeno sistémico e sistemático.

Este novo prisma permite que os organismos competentes en materia de políticas científicas adopten unha nova perspectiva e se pregunten: cal é a situación das mulleres no noso ámbito competencial?, como afectan as nosas actuacións ao colectivo feminino?, favorecen a igualdade ou a impiden?, é o xénero unha variable chave da nosa xestión? Estas e outras cuestións son determinantes para repensar todas as actuacións tendo en conta que ciencia e xénero teñen unha vella e estreita relación.

No caso das políticas galegas, podemos afirmar que a entidade competente, a *Consellería de Innovación e Industria*, deu comezo ao longo traxecto cara a introducción do *mainstreaming* en todas as súas actuacións. O primeiro paso foi a incorporación do obxectivo da igualdade no seu plan rector, o *Plan INCITE (2006-2010)*, no cal se afirma a necesidade de «recoñecer e dignificar o papel das mulleres na ciencia e a tecnoloxía galegas e promover a igualdade de oportuni-

des, así como favorecer a súa incorporación aos postos de decisión e xestión no sistema de I+D+I galego». A introducción deste mandato representa o primeiro paso para que un área competencial afastada das políticas de xénero como é esta, introduza a transversalidade na súa xestión cotiá e non conciba a igualdade entre homes e mulleres como un asunto alleo.

Esta primeira referencia acompañase doutras mencións máis concretas, o cal indica que áreas chave para este plan como a de recursos humanos ou a de innovación empresarial, foron repensadas tendo en conta a especial situación das mulleres. Non obstante, a perspectiva de xénero non abarca todos os eidos aos que se refire o texto, deixando cegos ao xénero aspectos tan relevantes como o diagnóstico que o inicia, no cal non se inclúen datos desagregados segundo o sexo. Unha mención especial merece a sección referida á avaliación, que, se ben afirma que se debe determinar a efectividade das medidas dirixidas a promover a igualdade, non garante que aqueles ámbitos onde non existan ac-

*Gender. An International Report*, París, UNESCO Publishing.

<sup>4</sup> Un dos textos de referencia que postula a necesaria introducción do *mainstreaming* é o informe comunitario ETAN (Osborn, M. et al., 2001): *Informe Política Científica de la Unión Europea. Promover la excelencia mediante la integración de la igualdad entre géneros*, Bruselas, Oficina de Publicaciones Oficiales de las Comunidades Europeas).





cións concretas vaian ser avaliados dende a perspectiva de xénero. A limitada incidencia do *mainstreaming* na avaliación determina que a información obtida nesta fase da política pública sexa *desxenerizada*, impedindo a incorporación de novas medidas e a aprendizaxe.

A introducción do mandato no plan rector debe verse reflectido en todas as actuacións que a Consellería realice habitualmente. De modo contrario, o *mainstreaming* derivaría nunha estratexia baleira, pola cal as políticas de xénero pasan de ser a responsabilidade de todos/as a ser responsabilidade de ninguén. No caso das políticas científicas galegas, podemos atopar os primeiros exemplos de actuacións que incorporan a perspectiva de xénero. Se analizamos as convocatorias referidas á investigación e a innovación, poderemos observar que inclúen cláusulas enfocadas a mellorar a situación das mulleres no ámbito científico-tecnolóxico.

Un primeiro bloque de convocatorias pretende mellorar a pre-

senza feminina na I+D incluíndo baremos que valoran positivamente a presenza equilibrada de mulleres no equipo de traballo e/ou no liderado do proxecto presentado.<sup>5</sup> Sen dúbida, este tipo de preceptos atende á especial dificultade das mulleres para acadar unha presenza paritaria, tanto cuantitativa (acceso ao financiamento de proxectos) como *cualitativa* (acceso ao liderado de proxectos).

A importancia dunha presenza paritaria non se valora de igual modo cando se fai referencia aos comités avaliadores que se encargan da concesión das diferentes axudas. Deste xeito, non se ten en conta a dificultade das mulleres para acceder aos procesos de decisión nestes ámbitos nin á influencia que ten a masculinización deste tipo de comités na concesión de axudas a proxectos liderados por mulleres ou enfocados cara aos estudos de xénero.

Unha segunda liña de actuación consiste na inclusión de cláusulas que favorezan a conciliación da

vida persoal e laboral, impedindo que os períodos de coidado e a conseguinte interrupción da carreira investigadora sexan penalizados e actúen como unha rémora na promoción das investigadoras. Neste caso, só podemos referirnos a unha convocatoria, a correspondente ao Programa María Barbeito de bolsas predoutorais.<sup>6</sup> Esta inclúe un período temporal no cal a dedicación a labores de coidado tanto de adultos/as dependentes como de menores de seis anos, non será computado para o acceso á bolsa. Como podemos observar, soamente se ten en conta esta dificultade nos primeiros anos da carreira investigadora. Sería recomendable ampliar este tipo de preceptos a convocatorias chave como as referidas a bolsas e contratos posdoutorais, coa fin de impedir que este período siga representando a continuación da perda significativa de mulleres que comeza no terceiro ciclo e que ten a súa máxima manifestación nas cátedras universitarias.<sup>7</sup>

<sup>5</sup> Convocatorias referidas ao Programa Xeral de Investigación (DOG 23-05-2007), á consolidación de unidades de investigación competitiva (DOG 16-10-2007) e á sistematización e fomento da innovación empresarial (DOG 24-09-2007 e DOG 18-05-2007).

<sup>6</sup> DOG 14-08-2007.

<sup>7</sup> Para unha valoración dos factores que inciden na progresiva perda de mulleres ver GARCÍA DE LEÓN, M. A., e M. GARCÍA DE CORTÁZAR (dirs.) (2001): *Las académicas (profesorado universitario y género)*, Madrid, Instituto de la Mujer.



## No caso que nos ocupa, o obxectivo sería acadar un *sistema multinivel de I+D+i* que inclúa sistematicamente a perspectiva de xénero [...]

Finalmente, debemos destacar que nunha das convocatorias referidas ao eido empresarial, en concreto aos programas sectoriais de investigación aplicada, se inclúe a violencia de xénero como unha liña temática de investigación.<sup>8</sup> Este tipo de apostas sitúannos ante o cumprimento parcial dunha das recomendacións máis repetidas nos documentos comunitarios, a saber, que ademais de fomentar a presenza das mulleres na ciencia, esta debe incorporar a perspectiva de xénero en todos os seus ámbitos de estudo. O obxectivo é dar un paso máis alá no cuestionamento do sistema científico-tecnolóxico, preguntándose non só se as mulleres participamos na elaboración da ciencia, senón se o coñecemento que esta produce continúa tendo unha visión androcéntrica.

A inclusión deste tipo de cláusulas representa un primeiro paso cara o que sería un *mainstreaming* incisivo e ubicuo, presente en todas as actuacións realizadas pola Consellería. Dado que é un estadio inicial, a perspectiva de xénero podería ser empregada en maior medida, de modo que dera lugar a transformacións máis profundas, abordando aspectos tales como a revisión da axenda política para a

inclusión de liñas de actuación que afectan maioritariamente ás mulleres, o garante da paridade en todos os ámbitos de decisión, ou a revisión de todos aqueles baremos de valoración de modo que non se penalicen os períodos sen produción científica debidos á maternidade.

Para rematar, debemos facer mención da participación por parte da *Consellería de Innovación e Industria* na ampliación do *feminismo institucional* galego. Referímonos á creación da *Unidade de Muller e Ciencia*, organismo colexiado encargado de asesorar e colaborar co Goberno galego coa fin principal de aumentar a presenza feminina nos ámbitos científico e tecnolóxico.<sup>9</sup> Constitúe un órgano análogo ao existente no Goberno español, pero que ten a peculiaridade de contar con tres grandes áreas competenciais que o integran: as *consellerías de Innovación e Industria e Educación e Ordenación Universitaria* e a *Secretaría Xeral de Igualdade*. A participación de dous organismos competentes en materias en principio afastadas das políticas de xénero, como son os encargados das políticas educativas e científicas, achéganos un pouco máis cara a plena adopción do *mainstreaming*. Así, as políticas de xénero son


elaboradas e aplicadas coa colaboración das entidades competentes en cada un dos variados ámbitos que estas abarcan.

Do ata aquí exposto, podemos concluír que as políticas científicas galegas están a incorporar a perspectiva de xénero nunha parte significativa das súas actuacións cotiás. Deste modo, un organismo non especializado en políticas de xénero ten a iniciativa de abordar a igualdade na súa axenda de traballo e, como consecuencia, de adquirir o coñecemento necesario para levar a cabo este cambio de perspectiva. Os avances mencionados deben verse acompañados dunha continua evolución, encamiñada a afondar na análise das accións realizadas e na revisión dos seus potenciais efectos sobre homes e mulleres. Doutro modo, o *mainstreaming* –introdución do xénero no *main stream* ou corrente principal– reducirase á realización de accións puntuais sen potencial transformador, derivando nunha política sen capacidade para actuar contracorrente, nin de cuestionar o núcleo androcéntrico das actuacións públicas.

Este tipo de evolución debe producirse en todos os niveis de goberno, xa que a distribución competencial de estados descentralizados como o español fai necesario contar co nivel autonómico como aliado. De modo contrario, unha parte significativa das actuacións aplicadas non terán en conta o nexo de xénero que poden conter. No caso que nos ocupa, o obxectivo sería acadar un *sistema multinivel de I+D+i* que inclúa sistematicamente a perspectiva de xénero, dando lugar a un política científica que se aborda *sempre* de modo *xenerizado*. ☞

<sup>8</sup> DOG 15-05-2007.

<sup>9</sup> DOG 20-02-2007.



«Ser muller xa non é  
un lugar naturalizado,  
senón un lugar  
a problematizar»

Entrevista a

# Silvia López

Centro Social Feminista Eskalera Karakola

☞ ZÉLIA GARCIA

En 1996 un grupo de intrépidas mozas deciden ocupar unha antiga panadaría no madrileño barrio de Lavapiés. Desde aquelas moitas cousas teñen mudado, moitos debates e moitas confrontacións coa realidade, mais os tres eixes polos que nacía este proxecto de centro social feminista continúan viventes: autonomía, feminismo e autoxestión. Fomentar procesos de independencia entre as mulleres e facilitar que sexan elas mesmas as que impulsen, desenvolvan e se autoorganicen para debater e actuar colectivamente sobre os seus problemas.

Silvia López, activista deste centro social feminista desde os seus comezos, visitou Galiza a finais do 2007 para participar en distintas conferencias sobre esta experiencia nos centros sociais galegos. Rescatamos aquí a conversa mantida con ela polo seu interese nestes momentos de cambio.

**E por que deciden unhas mulleres nese momento ocupar soas unha casa? A cousa tiña que ver [...] coa necesidade de visibilizar e promover prácticas feministas e propostas de intervención feministas [...]; e por outro lado, porque queríamos, e porque sabemos que a historia do movemento feminista así o sinala, que as loitas, as vitorias e os logros se acadan a través da autoorganización das mulleres**

**A:** Como xurde a Eskalera Karakola?

SL: Nace en Madrid neses momentos de efervescencia da okupación. E por que deciden unhas mulleres nese momento ocupar soas unha casa? A cousa tiña que ver con tres puntos: a necesidade de visibilizar e promover prácticas feministas e propostas de intervención feministas; porque queríamos experimentar o que é a relación entre mulleres, porque vivimos nunha sociedade onde todo está mediado pola perspectiva masculina e pola presenza dos homes, polo que queríamos experimentar xusto o contrario; e por outro lado, porque queríamos, e porque sabemos que a historia do movemento feminista así o sinala, que as loitas, as vitorias e os logros se acadan a través da autoorganización das mulleres. Todo isto viña motivado pola necesidade de rachar coas dinámicas dos espazos sociais mixtos, dos centros sociais, que por moito que houbera boa vontade para traballar certos temas, había unha parte que para moitas mulleres quedaba moi no ar, unha reflexión máis interna sobre as relacións, a afectividade, o micro, e non tanto esa política macro, do evento, das accións, senón un pouco toda esa política que ten que ver co cotián e cos coidados. Un pouco queríamos rachar con todas esas dinámicas anteriores e propor novas cousas. Okupamos a Karakola no ano 1996.

## Un espazo sempre en construción

**A:** Esa casa que ocupades que problemas físicos tiña?

SL: A Karakola estivo sempre en obras, porque a casa se caía, e había que arranxala todo o tempo. A cuestión da defensa do espazo e de estar sempre en construción foi unha constante. Fixemos un campo de traballo en 1999 con urbanistas, arquitectas e mulleres que viñeron de distintos países

para poñerse mans á obra, e así arranxamos o tellado. Foi un mes intensivo de traballo.

No ano 2000, malia a ese campo de traballo, desprendeuse un cacho da parede da casa. Viñeron os bombeiros, armouse unha terríbel, porque despois dos señores bombeiros viñeron os técnicos do concello, que teñen que velar pola seguridade cidadá, e o que dixeron é que á casa había que facerlle unhas obras de seguridade. O concello fixo unha grande obra e aí o que vimos foi que ou apostábamos por ficar na casa ou tiñamos que abandonar ese espazo. E entón foi cando dixemos queremos quedarnos co espazo, e imos inventarnos que temos dereito a ficar neste espazo. É dicir que o que facíamos era partindo da total ilegalidade crérmonos que tiñamos dereito a estar aí, e que ademais no barrio é necesario un proxecto dun centro social feminista que é o que queremos, que a política que estamos facendo é interesante, que ademais queremos levala adiante e precisamos para iso construír un auténtico espazo de agregación entre mulleres.

Con esta idea escribemos un proxecto que tiña como eixo central o de expropiar o edificio, que o concello utilizase unha ferramenta legal que existe que é a de expropiación, porque o dono non estaba a cumprir coas súas obrigas e non estaba a conservar este edificio, que o rehabilitasen, e que o cedesen á asemblea.

## Cesión do concello de dous locais

**A:** Este proceso de reivindicación esténdese durante máis anos?

SL: Si, porque no ano 2003 fixemos a presentación pública do proxecto. Fixemos unha campaña impresionante de negociacións, plataformas de diálogo con xente de todo tipo, buscando un montón de interlocutores. Fixemos moitas accións na rúa. E no ano 2005, despois dunha grande manifestación, despois dun proceso de tres anos de batalla, chamáronnos da Concellaría de Urbanismo e dixerónnos que nos cedían dous locais. Non era o que nos pediramos, non era a expropiación do edificio, non era tan incidir directamente nesa idea da propiedade privada, pero conseguimos dous locais a poucos metros de onde estaba a nosa casa. Para nós foi unha vitoria absoluta. A día de hoxe estamos neses locais que tamén nos entregaron en bruto e os locais non tiñan nin desaugue nin instalación eléctrica, e tivemos que poñernos outra vez en obras durante un ano.

A: Que destacarías destes doce anos de creacións no espazo da Karakola?

SL: Eu quería relatar sobre todo a última fase, porque son moitos anos e é case imposible resumir todo do que foi o espazo okupado no que se perfilaron tres liñas de actuación. Unha tiña que ver coa crítica aos modelos de ordenación urbanística, e que tiña que ver coa defensa da casa; outro eixo era o que tentaba reflexionar sobre as novas transformacións no mundo do traballo e as consecuencias que iso estaba a ter para as mulleres na nosa sociedade; e por último, pensar as diferenzas, as identidades e a sexualidade.



## Transformacións: identidades múltiples

A: Que descubrides nesa primeira experiencia de traballar coas relacións entre mulleres?

SL: Cando as mulleres nos xuntamos para decidirnos a ocupar este espazo parecía que houbera unha experiencia única no feito de ser muller e que iso te animaba e facía que te aliaras coa outra, e daba a posibilidade dunha política clara. Había unha frase de feito que se utilizaba que era *ser muller é sempre unha acción directa*, partíase de que desde o feito de ser muller xa se estaban dicindo cousas. Pois foi curioso porque a raíz de estar a convivir con outras mulleres, transexuais, lésbicas, *queers*, prostitutas, de repente esas mulleres tamén reclamaban a súa singularidade e dicían que non se recoñecían nesa experiencia única do ser muller. Esa idea dun suxeito clara, cunha voz única, mudara, véusenos abaixo. Foi un proceso moi interesante porque comezamos a pensar en termos dunha identidade múltiple. Para nós, ser muller xa non era un lugar naturalizado, xa non era un lugar desde o que partir, senón un lugar a problematizar. E nesa problematización dabámonos conta que había outros eixes

de poder como a raza, a clase, o sexo, que tamén entraban en xogo e que había que ter moito coitado en non invisibilizar.

A: Que proxectos se desenvolven na actual Karakola?

SL: Están as mulleres do *brunch*, que é un espazo de encontro que se abre todos os domingos e que é un espazo específico de encontro para mulleres. Logo está o proxecto de Ada, que é Apaños dixitais audiovisuais, que é un proxecto de mulleres e novas tecnoloxías, no que se está a experimentar con *software* libre. Tamén está a radio, Transsister, que vai comezar a montarse no segundo semestre deste

**Cando as mulleres nos xuntamos para decidirnos a ocupar este espazo parecía que houbera unha experiencia única no feito de ser muller e que iso te animaba e facía que te aliaras coa outra, e daba a posibilidade dunha política clara. Había unha frase de feito que se utilizaba que era *ser muller é sempre unha acción directa, [...]***

ano, que vai ser unha radio por Internet, que non vai ser un espazo só para recoller o que acontece, senón un espazo de produción en si mesmo, desde música até unha radionovela, experimentos que traballen coa materia comunicativa e que produzan política desde aí.

## Reflexións ao redor da militancia política

A: Que reflexións en torno á militancia política tedes nestes momentos?

SL: Queremos preguntarnos que ten que ver con nós o que facemos, partir desas reflexións e poñer-nos a traballar con iso. Pensamos que o desexo pode ser motor de cambio e iso o que nos proporciona é alegría, non a tristeza da política que só pensa en termos do deber ser, senón o dinamismo da política que se está cuestionando a si mesma e que reflexiona sobre o seu facer. Falamos dunha política máis creativa, que potencia e aprecia a singularidade. Unha política que ao mesmo tempo tenta partir sempre do colectivo. Pensamos que crear espazos de produción política colectiva nas

Experimentar novas formas de facer comunidades cremos que é un reto hoxe. Non partimos de que xa hai comunidade, senón que o que hai é fragmentación absoluta e o interesante é ver como podemos unir todo iso para crear novas formas de vida e de comunidades que teñan máis que ver con nós [...]

nosas cidades, abrir eses espazos de liberdade, é importante porque vivimos nun mundo que cada vez máis constrúe vidas que están totalmente fragmentadas e individualizadas. Experimentar novas formas de facer comunidades cremos que é un reto hoxe. Non partimos de que xa hai comunidade, senón que o que hai é fragmentación absoluta e o interesante é ver como podemos unir todo iso para crear novas formas de vida e de comunidades que teñan máis que ver con nós, que nos fagan máis felices e que sexan motores de cambio tamén.

A: E respecto aos feminismos, que debates destacarías que se deron desde este espazo?

SL: Hai unha crítica ao tratamento da violencia, que sempre se dá nese momento emerxente do que é a agresión, que é o que se nos está a vender desde os medios, e que parece que a violencia se reduce a ese momento. Iso é moi perigoso, porque o que deixa é sen criticar cales son as causas da violencia e deixa sen lugar a unha crítica estrutural máis complexa sobre que é o que produce a violencia.

Por outro lado está o tema dos cuidados. Por exemplo, o ano pasado un grupo deste entorno vencellado ao movemento feminista máis clásico e nós decidimos facer unhas xornadas sobre cuidados, para pensar que pasaba con isto dos cuidados, e de aí saíu a iniciativa de ir á manifestación oficial do 8 de marzo, que convocan todos os grupos de mulleres, incluídos os do PSOE, coa proposta dun lema que era o de *por unha reorganización social dos cuidados*. O que queríamos dicir era que os cuidados son algo do que se fixeron cargo as mulleres historicamente, que o fixeron ademais no privado, nesa esfera, porén os cuidados son necesarios para a vida e por tanto hai que revalorizalos e ademais hai que poñelos no centro da sociedade e non é a sociedade a que se ten que pór en función dos intereses





Na Karakola xurdiu un grupo que se chamaba «Sexo, mentiras e precariedade» que tentaba pensar como a sociedade cambiara, como a vida se puxera a traballar, que xa as formas de produción non estaban só na fábrica, senón que están tamén no social

económicos das empresas e demais, e polo tanto os coidados non teñen lugar, senón que é toda a sociedade a que se ten que reorganizar en función das necesidades e os coidados que teñen as persoas, porque todo o mundo precisamos coidados nalgún momento ou noutro e na vida en xeral e por iso nós falamos da interdependencia, o que significa que a idea de que algúns son dependentes non é certo porque a vida é interdependencia.


## Mulleres e mudanzas no mercado laboral

A: Tedes analizado as novas situacións coas que se encontran as mulleres no mercado laboral?

SL: Na Karakola xurdiu un grupo que se chamaba «Sexo, mentiras e precariedade» que tentaba pensar como a sociedade cambiara, como a vida se puxera a traballar, que xa as formas de produción non estaban só na fábrica, senón que están tamén no social. Pensabamos sobre todo o que ten que ver co consumo, coa reprodución da vida, e que iso estaba a xerar novos lugares para as mulleres, relacionado todo isto cun aumento maior da precariedade laboral, da flexibilidade, a falsa historia da conciliación (cando se fala de conciliar vida laboral e familiar habería que pensar en que condicións están xa de por si eses espazos), os novos lugares e as novas formas de explotación para as mulleres inmigrantes (cando se está a falar de que chegamos a certos logros, hai que pensar para quen son estes logros).

Fixo unha pequena investigación con Inditex, de sobra coñecida esta empresa na Galiza, porque nos parecía que condensaba unha chea destas novas formas de explotación, desde os obradoiros no que as traballadoras están nunhas condicións fatais até a dependenta que está na tenda de Zara vendendo un determinado modelo de roupa e un determinado modelo de corpo. Este proxecto rematou cunha acción en Madrid que tivo moita sona, na que un grupo grande de mulleres ocupamos unha das tendas principais do centro de Madrid. Alí mantivémonos pechadas falando de todas estas cousas.

A: E na actualidade que grupos traballan sobre este tema?

SL: Primeiro foi «Precarias á deriva», un grupo que comezou a facer unha investigación sobre o que denominabamos os circuitos do traballo feminizado, que era precisamente para explorar eses novos lugares de explotación para as mulleres. Fíxose un vídeo e un libro que circulou bastante. Este proxecto converteuse no que chamamos a Axencia de Asuntos Precarios Todas A Cen, que se encontra nos novos locais da Eskalera Karakola. Este grupo trata de enfrontar a soidade e o illamento no que vivimos, a precariedade cotiá, para contribuír a crear redes de cooperación e autoorganización vital e política. É un espazo aberto de intercambio de información, apoio e estratexias que queren contribuír a facer as nosas vidas menos precarias. 

Parir na Galiza da posguerra

**Celsa do Iucel,**

**nai xeracional**



 MARÍA RODRÍGUEZ PRADO\*

A vida de Celsa viuse marcada pola temperá morte do seu pai no ano 1938, cando ela tan só contaba con dous anos de idade. Dende ese momento, a pequena abandonou a súa Pedrafita natal para instalarse na aldea chantadina de Basán Pequeno, orixe da súa familia materna, vivindo cos seus avós e as súas tías.

De familia labrega, Celsa creceu no coñecido como *o corazón de Galicia*, onde realizou os seus estudos básicos. Fixo o ingreso en Ourense e estudou ata pri-

meiro de bacharelato. Así e todo, o que a Celsa lle gustaba verdadeiramente era coser, por iso, a súa nai levouna a aprender a un taller, traballando unha tempada como costureira.

Ós 18 anos marchou a Barcelona, onde conseguiu o título de Corte e Confección:

---

\* María é neta de Celsa.



Daquela xa andaba co Luís. Eu xa o trataba de antes porque íamos xuntos á escola e as nosas familias se coñecían... En Chantada había feira os días cinco e vinteún, e lembro que era un día 5, domingo, e andabamos de paseo unha amiga e mais eu na praciña... Luís veunos saudar e cando me ía para a casa, veu comigo... Ós dous ou tres días volveu e miña avoa invitouno a tomar algo... ¡E alí empezamos!

A súa volta de Barcelona, cando contaba con 19 anos, casaron e foron vivir, xunto coa nai dela, a un piso da familia de Luís. Daquela, comezaron a sentalas bases da economía familiar: mentres Celsa dirixía o seu propio taller de confección, facendo abrigos e traxes de chaqueta, Luís exercía como axente comercial viaxando cos modelos confeccionados.

No ano 1957, dous máis tarde da súa voda, Celsa quedou embarazada do seu primeiro fillo, Antonio:

Eu quedei embarazada ós 21 anos, e ata o momento de dar a luz non chamei ó médico e durante o embarazo nunca ó médico fun... Daquela non había controis algúns e eu facía vida normal, traballando ata o final...

A mañá do 18 de agosto de 1957, Celsa soubo que chegara o momento e chamaron ó médico, porque, aínda que a cuñada de Luís era comadroa, non se atopaba en Chantada neses días. Sen embargo, non deu a luz ata a mañá do día seguinte, porque o médico considerou que era máis conveniente esperar...

¡O médico no parto non me axudou nada!... e despois, ás dúas horas, eu quedei inconsciente por unha hemorragia interna. O meu home colleu o coche e foi ó hospital de Ourense a por un medicamento.

Por mor da hemorragia, o posparto foi longo e delicado, e Celsa tivo que repousar durante un tempo con tódalas atencións necesarias. Con todo, as súas obrigas non lle permitiron deixar de traballar para cumprir cos prazos dos pedidos, deixando a súa nai as tarefas da casa e o coidado do neno e dela mesma.


Tivo lactación durante quince días pero o neno choraba día e noite. A pediatra dixo que o pequeno estaba pasando fame e empezámoslle a dalo biberón.


As presións por aumentala familia eran explícitas, especialmente por parte do seu cuñado Toño, cura de vocación e profesión, que lles recordaba constantemente a necesidade de ter máis cativos. Antonio deixou de ser fillo único ós dez anos, cando Celsa conseguiu quedar en estado novamente. O embarazo estivo máis controlado, aínda que non baixo supervisión médica, senón por parte da súa cuñada comadroa na propia casa.

O nacemento do seu segundo fillo, Chus, estaba previsto para decembro, non obstante, o parto non se presentaba, polo que a súa cuñada deulle un medicamento para adiantalo. O día de fin de ano de 1967, Celsa ingresou no clínico de Lugo, onde estivo ingresada dous días ata que se viron na obriga de practicarlle unha cesárea...

Estiven moi mal da cesárea, quedei vinteún días ingresada e quedei moi delicada... A pobre da miña nai coidou de min como dun bebé.

Sete anos máis tarde, Celsa volveu a quedar embarazada, e aínda que os tempos xa eran outros, o seu terceiro parto semellouse máis ó do seu primeiro fillo. A maior diferenza foi nos constantes controis médicos que se levaban a cabo no clínico de Lugo, xa que no momento do parto a comadroa viu innecesario trasladarse ó hospital e deulle a Celsa a opción de dar a luz na propia casa...

Pasei toda a noite paseando polo corredor sen dores moi grandes, porque Flora –a comadroa– non me quería deixar durmir. Á mañá seguinte tiven á pequena Lucía, preciosa e saniña... ¡Tiven tres partos... e cada un deles foi moi distinto!... 



## Antropología feminista de Lourdes Méndez<sup>1</sup>

**Libros** MÉNDEZ, Lourdes: *Antropología feminista*, Madrid, Síntesis, 2008

MARIÁN MARIÑO

[...] ya sabían las decimonónicas, y otras antes y después de ellas: que la desigualdad entre los sexos existe y persiste.

(*Antropología feminista*, p. 234)

*Antropología feminista* é un libro de cuberta contundente como nunca máis antes vin. É un referente para a antropoloxía, unha ferramenta de achega e coñecemento ben escrita e necesaria, e un chamamento para que a antropoloxía feminista se identifique como tal e se siga a construír. Falta de procesos de invisibilización e das dificultades de recoñecemento e aplicación, deste método de análise chamado antropoloxía feminista que conta xa con corenta anos de historia. Achega debates, conceptos, valores, prácticas, accións e cuestionamentos nos que este método se veu envolto e permite coñecer como se desenvolveu. É un libro ben explicado na introdución pola propia autora. Creo tamén que é unha lectura de interese máis xeral e non excesivamente complicada nin allea a lectores e lectoras dunha revista feminista como *Andaina*; convidovos a que avaledes estas afirmacións e os vosos intereses nun libro como este, léndoa.

### Introdución


Algunhas novelas sintetizan en poucas páxinas os problemas teóricos e as esperanzas políticas e éticas que, desde a primeira onda do movemento feminista occidental, comparten militantes e investigadoras feministas. É o caso de *A man esquerda da escuridade*, novela de xénero fantástico publicada en 1969 pola estadounidense Ursula K. Le Guin. Quizais por ser filla do antropólogo Alfred Kroeber, o protagonista da súa novela é un etnógrafo que anota no seu diario de campo o que observa no planeta Gueden e as súas propias reflexións. Ong Tot Oppong, ese é o seu nome, sofre un choque cultural ante a cuestión do sexo motivado por-

que os *guediáns*, andróxinos durante a maior parte do seu ciclo sexual, só adquiren as características sexuais dun macho ou dunha femia cando entran en *kémmer* (celo). O que máis sorprende ao etnógrafo é que, durante o *kémmer*, non existe predisposición a ser dun sexo determinado. Os *guediáns* non poden elixir ser dun sexo ou doutro e tampouco saben se serán ma-

<sup>1</sup> Artigos desta autora publicados en *Andaina*:

«¿Dous sexos?: A construción da diferenza entre os sexos como marca da cultura», núm. 12, pp. 24-28.

«Artes visuais e diferenza sexual: Outras narrativas, outras políticas da identidade», núm. 31, pp. 10-20.



cho ou femia. Se non houbo embarazo, tras finalizar o *kémmer* volven ao estado andróxino. Aínda que Ong Tot Oppong pensa que leva pouco tempo en Gueden como para sacar conclusións sobre a vida social nese planeta, parécelle importante que

[...] calquera poida cambiarse por calquera dos dous sexos [...]. O feito de que calquera entre os dezasete e os trinta e cinco anos, aproximadamente, poida sentirse «atado á crianza dos nenos» (como di Nim) implica que ninguén está tan «atado» aquí como poden estalo, psicolóxica ou fisicamente, as mulleres doutras partes [...]. Todos corren os mesmos riscos ou teñen que afrontar as mesmas decisións [...]. Non hai imposición sexual, non hai violacións [...]. Non hai división da humanidade en dúas partes: forte/débil; protector/protexido; dominante/submiso; suxeito de propiedade/obxecto de propiedade; activo/pasivo [...]. Os guedíans non se ven a si mesmos como homes ou como mulleres [...]. Un é respectado e xulgado só como ser humano. A experiencia é asombrosa.

Experiencia asombrosa para alguén que, como o etnógrafo, provén dun planeta Terra habitado por individuos sexuados que, xeralmente, se identifican a si mesmos, e son socialmente identificados, como homes e como mulleres, como masculinos ou como femininos. Un planeta Terra no que, segundo a antropóloga Françoise Héritier, ningunha sociedade é allea á valencia diferencial dos sexos. Va-

lencia diferencial que, en cada sociedade, estrutura o mundo social e simbólico, xerarquiza o masculino e o feminino, e atribúelle ao masculino un valor superior ao que lle outorga ao feminino. Héritier formula a hipótese de que a valencia diferencial dos sexos é un pilar necesario para construír o social e para establecer as regras que permiten o seu funcionamento. Tan necesario como os outros tres sinalados por Claude Lévi-Strauss, a saber, a prohibición do incesto, o repartimento sexual das tarefas e a existencia dunha forma recoñecida de unión sexual. De feito, para esta antropóloga é a valencia diferencial dos sexos a que os liga entre si e explica o seu funcionamento. Aínda que desde todas as perspectivas teóricas presentes na antropoloxía feminista se aceptase a súa hipótese, e non é o caso, esta non permite responder a preguntas que, en diferentes períodos históricos, formularon militantes e científicas sociais feministas, e tamén algúns varóns. Por que a xerarquía entre os sexos? Por que a desigualdade social entre homes e mulleres? Por que a dominación dun sexo sobre o outro? Por que marcas corporais como o sexo ou a raza serviron, e serven, para afirmar a superioridade dun sexo sobre o outro, dunha raza sobre outras?

Este libro, que afonda nesas problemáticas cuestións, constrúese ar-

ticulando as diferentes ondas do movemento feminista occidental, os cambios de método na disciplina antropolóxica, os contextos teóricos e políticos nos que tiveron lugar os ditos cambios e a elaboración do corpus teórico da antropoloxía feminista. O seu obxectivo é o de ser unha ferramenta de traballo útil para quen desexa coñecer as achegas teóricas e o método de análise da antropoloxía feminista. Por ser ese o seu obxectivo, este libro, elaborado desde un enfoque materialista que nas súas diferentes vertentes forma parte da historia da teoría antropolóxica, dá prioridade ao que é estrutural na antropoloxía feminista. Non se trata de acumular nel alusións aos múltiples obxectos de estudo que a dita antropoloxía construíu desde diferentes perspectivas. Tampouco de elaborar unha listaxe, sempre incompleta, das obras de numerosas antropólogas que, a ambos os lados do Atlántico, se adhiren á antropoloxía feminista. Tratábase de dar a coñecer as bases teórico-metodolóxicas sobre as que a devandita antropoloxía se foi edificando. Son esas bases as que este libro reconstrúe, expón, analiza e articula, facendo dialogar entre si un conxunto de autoras que non sempre son antropólogas. Malia que as citadas no libro non comparten as mesmas posicións epistemolóxicas

nin os mesmos obxectivos políticos, todas fixeron contribucións significativas a unha antropoloxía feminista que ten tras de si corenta anos de historia, que, como a do movemento feminista e a de colectivos lesbianos, gais e transexuais, se coñece mal e se difunde aínda peor.

Para evitar equívocos, produto da tendencia a meter no mesmo caixón de xastre a antropoloxía da muller, a do xénero e a feminista, hai que insistir en que esta última non remite a un campo de estudos. E en que tampouco é, parafraseando a Virginia Woolf, unha «habitación propia» na que todo é válido se se afirma que tal ou cal investigación asume a perspectiva de xénero. Igual que a evolucionista, a funcionalista, a estrutural ou a marxista, a antropoloxía feminista é un método de análise que, como os citados, se pode aplicar a calquera campo de estudo. A confusión que reina sobre esta cuestión obriga a recordar que unha persoa que investiga sobre as mulleres, ou arredor do que se adoita entender como o seu sinónimo, o xénero, non ten por que adoptar un método de análise feminista. De feito, custa tan pouco constatar que non todos os estudos sobre as mulleres ou o xénero parten dos ditos métodos como verificar que a antropoloxía feminista transcende o campo de estudo que se lle atribúe. Só se se confunden métodos e campos de estudo se pode chegar á peregrina conclusión de que, por exemplo, aqueles que investigan sobre inmi-

gración, o patrimonio, o consumo ou a arte contemporánea son alleos aos métodos de análise feministas. Algúns e algunhas serano, pero non polo seu campo de estudo, senón porque non consideran pertinente empregar nas súas investigacións eses métodos, aínda hoxe, tachados de ideolóxicos.

Este libro, cuxa lóxica é tan discursiva como cronolóxica, consta de dúas partes e sete capítulos. O capítulo que inicia a primeira parte expón como contribuíron a reproducir a orde socio-sexual xerárquica a cosmovisión bíblica do libro da *Xénese*, tras ela, os novos saberes do Home e, xa no século XIX, as emerxentes ciencias sociais e humanas. Estruturalmente androcéntricas, as ditas ciencias, que aspiraban á obxectividade e a formular leis universais, fixeron derivar dunha hipotética natureza feminina a posición de inferioridade social, política e económica que, con relación aos homes, ocupaban as mulleres na sociedade. O segundo capítulo examina a poderosa ficción evolucionista sobre as orixes da humanidade, o sexo e a sexualidade, ficción inscrita nun contexto político no que se debatía con vehemencia sobre a «cuestión da muller». Malia que numerosas científicas sociais decimonónicas, maioritariamente comprometidas co movemento feminista da época, investigaron sobre a antedita cuestión e produciron obras de interese teórico e etnográfico, as súas contribucións non forman parte da historia da antropoloxía. Historia

da antropoloxía, dos seus métodos e técnicas, que se ensina na universidade e que estableceu a súa liña xenealóxica a través dos varóns aínda que, iso si, diferenciando o clan ao que cada un pertence e a súa correspondente filiación teórica, que sempre é patrilineal. Co dobre fin de situar as orixes históricas da antropoloxía feminista e de amosar que esas autoras decimonónicas e as súas obras se deben incorporar á historia da disciplina, dedícaselles un dos apartados do segundo capítulo. Entrando xa no século XX, o terceiro capítulo expón as análises propostas por Bronislaw Malinowski e Margaret Mead nalgunha das súas monografías máis significativas. Tras presentar os motivos do primeiro gran desacordo entre a antropoloxía e a psicanálise, no caso de Malinowski préstase atención ao seu intento de refutar as teorías de Sigmund Freud e no de Mead ao uso que fai das nocións de temperamento, *sex temperament* e roles de sexo. A primeira parte remata cun capítulo cuarto no que se abordan parcialmente dúas obras fundamentais para a antropoloxía e o feminismo: *As estruturas elementais do parentesco* e *O segundo sexo*.

Sen esquecer as diferentes tradicións teóricas da antropoloxía europea e estadounidense e a incidencia que sobre a antropoloxía feminista tiveron os debates teóricos e políticos xurdidos a raíz da terceira onda do movemento feminista, o capítulo quinto, co que se inicia a segunda parte do libro,

expón como se construíu a antropoloxía feminista a ambos os lados do Atlántico. Remontándose á década dos setenta, nese capítulo sintetízanse os principais debates teóricos e dáse conta das achegas máis relevantes da antropoloxía feminista europea e estadounidense. Nos anos setenta do século XX, especialmente frutíferos, distínguese analiticamente o sexo do xénero e defínese o androcentrismo, o sexo social e o sistema de sexo/xénero. É tamén neses anos cando empezan a formularse interrogantes sobre a incidencia do sexo na práctica etnográfica, interrogantes que se retoman no apartado final do último capítulo. Pero antes de chegar a ese apartado, situado ao final para que ninguén cometa o erro de pensar que a práctica etnográfica só consiste en observar, seleccionar informantes e obter información, aforrando así o traballo de construír o obxecto de estudo, o capítulo sexto mergúllase en tres temas candentes relacionados entre si: o do patriarcado, o do matriarcado e o da universalidade da subordinación das mulleres. Os devanditos temas, amplamente debatidos no ámbito político feminista e na Academia, provocaron as primeiras rupturas significativas entre antropólogas que, en pouco tempo e desde enfoques culturalistas, estruturalistas, simbólicos, marxistas ou materialistas, deran forma á antropoloxía feminista. As urxencias políticas feministas dos setenta, o convencemento de que existía unha identidade de xénero

común a todas as mulleres e o uso que as antropólogas fan de dicotomías analíticas como natureza/cultura ou público/doméstico marcan os principais logros e fracasos da antropoloxía feminista dos setenta. O sétimo e último capítulo percorre as décadas dos oitenta e dos noventa. Dúas décadas marcadas, no campo teórico, polo xiro reflexivo da antropoloxía; no académico, pola institucionalización dos estudos de xénero; e no político, pola organización dos colectivos gais, lesbianos e transexuais e pola institucionalización do feminismo liberal. Os anos oitenta, que se inician cunha crítica ás dicotomías analíticas empregadas nos setenta e cuestionando que exista unha identidade de xénero común a todas as mulleres, allea á clase social e á raza, proseguen coa crecente atención que, desde os enfoques prácticos, se prestará ás accións dos suxeitos sexoados, ao que estes poden ou non facer, no marco das súas respectivas sociedades. Desde mediados dos oitenta, as antropólogas feministas toman conciencia da necesidade de definir que se entende por «xénero», unha noción impugnada por diferentes autoras que dúbidan da súa capacidade heurística e propóñense as diferentes dimensión e contidos dunha noción de xénero que non deixa de suscitar controversias. Un dos apartados do sétimo capítulo dedícase a estes debates, amosando as posicións defendidas pola historiadora estadounidense Joan Scott, para a que o xénero é unha categoría útil para

a análise histórica; a tamén estadounidense profesora de retórica Judith Butler, para quen o xénero é performativo; e a socióloga Cristine Delphy, que formula a pregunta de que problemas presenta pensar o xénero. Antes de chegar ao último apartado do libro, dedicado a ver como se relacionan práctica etnográfica, sexo do saber e reflexividade epistémica, sitúase o dedicado ás lóxicas identitarias. Nel afóndase, seguindo á antropóloga estadounidense Gayle Rubin, á francesa Nicole-Claude Mathieu e á tamén francesa e teórica lesbiana radical Monique Wittig, nas problemáticas relacións entre sexo, xénero, práctica sexual e identidade dos suxeitos. O libro conclúe cun breve epílogo, seguido pola bibliografía citada e por unha bibliografía básica. Esta última só contén unha breve selección de libros e artigos en castelán e de fácil acceso.

Mentres que o Ong Tot Oppong de Ursula K. Le Guin vive o seu particular choque cultural, a protagonista da novela *Cassandra* da alemá Christa Wolf non deixa de aprender mentres espera o seu fatal destino. Coas humildes mulleres que a acolleran, falaba Cassandra «das que virían despois de nós. De como serían. De se nos coñecerían aínda. De se farían o que non fixeramos, corruxirían o que erraríamos». Coñecer o xa feito, corruxir o errado: velaí o camiño que permitirá ás xeracións futuras seguir construíndo a antropoloxía feminista. ■



## Teoría King Kong

**Libros** DESPENTES, Virginie: *Teoría King Kong*, [Barcelona], Melusina, 2007.

 NANINA SANTOS

Gustoume este directo ao figado! Atrevido libro publicado en Francia e traducido o ano pasado, por Beatriz Preciado.

Virginie Despentes é unha moza valente, incapaz de adaptarse e orgullosa de non logralo. Pon o dedo na chaga. Non ten nada que ver co politicamente correcto, nada parecido a unha moza boa que unicamente vai ao ceo. Ningunha condescendencia cunha sociedade organizada para beneficio absoluto duns pouquiños e onde unha chea de privilexiados colaboran a que uns pouquiños estean comodamente instalados no seu poder, no seu dominio e nos beneficios que obteñen da explotación. Unha sociedade alienante. E neste contexto, as relacións entre homes e mulleres, o sexo, o desexo, a femiñidade e a potencia, a masculinidade, o feminismo ben pensante.

A autora elabora e narra desde a súa experiencia, desde a súa vida, con firmes raíces no punk-rock e no último capítulo, deséxanos «Boa sorte mozas» para esa aventura colectiva que é o feminismo, unha revolución, recórdanos, e non

[...] un reordenamento de consignas de marketing, nin unha onda de promoción da felación ou do intercambio de parellas, nin tampouco unha

cuestión de incrementar o segundo soldo. Para as mulleres pero tamén para os homes e para todos os demais. Unha revolución que xa comezou. Unha visión do mundo, unha opción. Non se trata de opoñer as pequenas vantaxes das mulleres aos pequenos dereitos adquiridos dos homes, senón de dinamitalo todo.

Unha vida libre, pouco convencional, a dunha rapaza que desde moi nova pon os pés fóra do rego e, como xa se sabe, unha muller que pon os pés fóra do rego... acada a liberdade, a liberdade de ir e vir, de saír e entrar, de follar, de calar e berrar, de dicir, de vivir. A cambio, está na diana para ser sinalada, vilipendiada, violada, criticada, humillada, acalada, para lle impedir facer o que quere facer ou para obrígala a facer o que non quere facer. Esa é Virginie Despentes que na segunda lectura deste libro, máis aínda que na primeira, fíxome pensar, preguntarme, anotar algunhas ideas, deume pracer e fonda alegría, volver visitar as miñas fontes de enerxía e poder e desexar escribir un comentario do libro para convidarvos á súa lectura e mesmo a debater o que nel escribe. Hai moita frescura no libro, aínda que –ou precisamente grazas a que– nos atordo, desde o primeiro parágrafo até esa páxina 121 onde nos dese-

xa: «Boa sorte, mozas e mellor viaxe». Última frase, antes das tres páxinas e media de bibliografía á que convén acceder.

O libro está dividido en sete capítulos, titulados como seguen: «Tenentas corruptas»; «Douche ou dásmelo polo cu?»; «Imposible violar a unha muller tan viciosa»; «Durmindo co inimigo»; «Porno-bruxas»; «King Kong girl»; «Boa sorte mozas».

**Tenentas corruptas**, un manifesto, unha declaración:

Escribo desde a fealdade e para as feas, as camioneiras, as fríxidas, as mal folladas, as infollables, as histéricas, as taradas, todas as excluídas do gran mercado da boa moza. E comezo por aquí para que as cousas queden claras: non me desculpo de nada nin veño queixarme.

Todo o que me gusta da miña vida, todo o que me salvou, débollo a miña virilidade. Así que escribo aquí como muller incapaz de chamar a atención masculina, de satisfacer o desexo masculino e de contentarme cun lugar na sombra.

Un suxeito claro, marcado, que desexa, ambicioso, atraída polo poder de facer e rexeitar. Eu tamén rosco de pracer.

**Demasiado viciosa para ser violada**. A violación, ese silencio meso, pantanoso. Deberíamos lelo,

mulleres e homes e falar disto. Confróntanos con nós, coas vivencias asociadas á socialización xenérica. Esa gran hipocrisía! Deixo anotadas importantes preguntas que Despentes responde chea de lucidez e ningunha compracencia.

Por que os homes que violan non identifican as súas violacións como tales e só consideran as barbaridades de psicópatas, violadores en serie ou pedófilos que atacan á xente pequena? Os homes condenan a violación, pero a actitude fronte a moitos dos seus actos... «bah, iso é outra cousa».

Por que as mulleres violadas non nomean, non din, non usan a palabra, senón arrodeos ou eufemismos?

Pasma que as mulleres non lles digamos nada ás nenas, que non haxa ningunha transmisión de saber, nin de consignas de supervivencia, nin de consellos prácticos e simples. Nada.

Resulta interesante o vencello que a une a Camille Paglia que para ela é unha descuberta pois apórtalle outro enfoque máis político e dálle pistas para abordar as «feridas» da súa propia violación. É unha circunstancia política e trátase de «vivir con». Algo así como

[...] un risco que tes que correr se queres saír da casa e circular libremente.





Virginie Despentes



Se che sucede, érguete, sacúdete o po e pasa a outra cousa. E se iso che dá medo de máis, entón queda na casa de mamá e dedícate a facerte a manicura.

Domesticásenos desde nenas, e nós domesticamos, para non danar aos homes e vixiamos para que esta orde se cumpra.

Estou furiosa contra unha sociedade que me educou sen me ensinar xamais a golpear a un home se me abre as pernas á forza, mentres que esa mesma sociedade foi a que me inculcou a idea de que a violación é un crime horrendo do que non debería reponerme. Sobre todo me dá rabia que fronte a tres homes, unha escopeta e atrapadas nun bosque do que non podíamos escapar correndo, aínda por riba me sinta culpable de non ter tido a coraxe de defendernos cunha pequena navalla.

**Durmindo co inimigo.** As súas reflexións sobre a prostitución e o traballo de puta que practicou durante algún tempo:

Facer o que non debe facerse: pedir cartos polo que debe seguir sendo gratuito. A decisión non pertence á muller adulta, é o colectivo quen impón as súas leis.

Outra voz autorizada e nada compracente consigo mesma, moi crítica con esa sociedade e sectores da mesma que estigmatizan ás putas, que non deixan de consideralas vítimas e dicir que traballar de puta denigra ao máximo ás mulleres. Dá medo, di, recoñecer que ese traballo non é tan aterrador como parece e que a puta traballa fóra do ámbito doméstico, fóra da célula familiar. Ademais está a teima dos medios de comunicación, que toman a parte polo todo e presentan sempre a faceta máis sórdida da prostitución para extraer conclusións sobre o mercado do sexo no seu conxunto, como se ao falar do téxtil só se amosaran imaxes de nenos sen contrato traballando en sotos, porque o que conta é poder transmitir unha única idea: «ningunha muller debe tirar beneficios dos seus servizos sexuais fóra do matrimonio».

O desexo sexual masculino pechado na infamia, o alivio dese desexo cheo de culpa, as construcións culturais teimudas en identificar

sexualidade masculina con perigo-ameaza-asocial.

E volve dicir –lémbreme a querida Enma Goldman–:

A oito as cousas son exactamente ao contrario do que nos din que son, por iso o repiten con tanta insistencia e brutalidade. A figura da puta é un bo exemplo: cando afirmamos que a prostitución é unha violencia contra as mulleres é para que esquezamos que é o matrimonio o que constitúe unha violencia contra as mulleres e, de xeito xeral, todo o que aguantamos. Aquelas que se deixan follar de balde deben seguir dicindo que a súa opción é a única posible, se non como as reteríamos? A sexualidade masculina.

**Porno-bruxas.** Lembremos o que se fixo coas *bruxas*. «Unha pregúntase que diaños está en xogo no porno que fai que o dominio X teña tal poder de blasfemia». O desexo, a censura, o estigma que se bota sobre as traballadoras do porno, as cuestións políticas en xogo. Despentes apunta unha idea suxerente para pensar o porno desde outro punto de vista ao que habitualmente formula o feminismo:

A idea segundo a que a pornografía xira unicamente en torno ao falo resulta sorprendente. O que vemos son, en realidade, corpos de mulleres. E as máis das veces corpos sublimados de mulleres. Hai algo máis inquietante que unha actriz porno? Xa non estamos no dominio da *Bunny girl*, da moza da porta do lado, que non dá medo, que é de fácil acceso? A actriz porno desprega unha sexualidade masculina, para ser máis precisa comportase exactamente como un



marica nunha *backroom*. Tal e como se representa nas películas quere sexo, con calquera, quere que lla metan por todos os buratos e quere correrse cada vez. Como queredría un home se este tivese un corpo de muller.

É lúcida sobre a construción do desexo feminino a través da mirada masculina. A masturbación feminina segue a ser obxecto de desprezo.

O orgasmo ao que debemos chegar é o que nos procura o macho. O home debe saber como facelo. Como na *Bela durminte do bosque*, tómbase sobre a princesa e lle fai ver as estrelas.

As mulleres escoitan a mensaxe e, coma sempre, toman a peito a tarefa de non ofender ao sexo susceptible. En 2006, escoitamos a mozas aínda moi novas dicir que agardan que un home as faga gozar.

Sei que o que fan todas esas mozas soas cos seus clítoris non é asunto meu, porén a súa indiferenza fronte a masturbación pertúrbame. Cando se conectan as mulleres coas súas propias fantasías se non se tocan cando están soas? Saben o que lles excita realmente? E se non se sabe isto sobre unha mesma, que se sabe exactamente de si? Cal é o contacto que unha establece consigo mesma cando o seu sexo está sistematicamente baixo o poder do outro.

Se cadra, unha amplísima maioría aínda queren ser «mulleres decentes, neniñas, anxiños do fogar, boas nais construídas para o ben dos demais», se cadra porque as nosas sexualidades pónennos en perigo. Aí queda para non botar en saco roto.

**King Kong girl.** Lédeo e descubriredes «A que nos cae enriba cando facemos algo».

Velaquí unha das preguntas verdadeiramente molestas:

Cal é a vantaxe que sacamos da nosa situación que fai que mereza a pena que colaboremos tan activamente? Por que as nais animan aos nenos a facer ruído mentres ensinan ás nenas a calar? Por que lles ensinamos as nenas a docilidade, a coquetería e o disimulo mentres lles dicimos aos nenos que deben ser exixentes, que o mundo é seu, que deben tomar decisións e elixir?

Aquelas de entre nosoutras que ocupan as mellores posicións son as que asinaron unha alianza cos máis poderosos. As máis capaces de adaptarse á dominación masculina xa que seguen sendo eles os que aceptan ou non ás mulleres en posicións de poder. As outras, as furiosas, as feas, as bocazas hai que asfixialas, apartalas, exterminalas.

**Teoría king-kong.** Os homes, que ben, pasámonos a vida comprendéndoos.

Despois duns anos de boa, leal e sincera investigación acabei chegando a esta conclusión. A feminidade: puta hipocrísía. A arte de ser servil. En xeral, trátase simplemente de acostumarse a comportarse como alguén inferior. Entrar nunha habitación, mirar a ver se hai homes, querer gustarles, non falar demasiado alto, non se expresar nun ton demasiado categórico, non sentar coas pernas abertas, non expresarse nun ton autoritario, non falar de cartos, non querer tomar o poder, non querer ocupar un posto de autoridade, non buscar o prestixio, non rir demasiado forte, non ser demasiado graciosa. Gustar-

lle aos homes é unha arte complicada, que esixe que borremos todo aquilo que ten que ver co dominio da potencia. Entre tanto, os homes, en todo caso os da miña idade, non teñen corpo: nin idade, nin corpulencia. Calquera pasmón coa cara vermella de alcohol, calvo, con barriga e unha imaxe de merda poderá permitirse facer comentarios desagradables sobre a aparencia física das mozas, comentarios desagradables se é que non as atopas suficientemente arraxadas ou observacións noxentas se é que lle dá rabia non ser quen de follalas.

Volvede ler o parágrafo. Si? A arte de ser servil, a arte de afacerse a comportarse coma un ser inferior, a arte de non molestar? Domesticadas, colonizadas. EDUCADAS E CORRECTAS? Cal é a vantaxe que sacamos de todo isto? Para ficar incómodas mentres rumiamos e dixerimos.

Xa o dixeran: un directo as persoas ben pensantes, á orde, á comodidade, as gabanzas dos líderes, dos poderosos e tamén das que lles bailan a auga e dos que prefiren eses pequenos privilexios.

A prol do feminismo, esa revolución. Unha *aventura colectiva, para as mulleres mais tamén para os homes e para todos os demais*.

Un texto interesante para pensar e debater.

Boa viaxe tamén as que o collades nas mans e tiredes as 121 páxinas até rematalo. 📖

Boletín  
de subscrición



# andaina

Revista Galega de Pensamento Feminista

Nome .....

Apelidos .....

Enderezo .....

Localidade ..... Código Postal .....

Desexo subscribirme á Revista **Andaina**

a partir do nº .....

Prezo: *Tarifa normal*  15 € ano

*Tarifa de apoio*  16 € ano

Envío talón. Pago en efectivo

Transferencia bancária á cta. de Andaina (Caixa Galicia CCC:  
2091-0377-74-3040003301)

Domiciliación bancaria (cubrir os datos adxuntos e enviar a:  
Revista Andaina, apdo. 1058 de Santiago)

Data .....

Bco/Caixa ..... Oficina .....

Localidade .....

Agradecerei-lles que a partir desta data atendan con  
cargo a miña conta Nº CCC:

Entidade ..... Oficina .....

Dc ..... Nº de conta .....

Os recibos presentados pola revista **Andaina**. Atentamente:

Nome .....

Apelidos .....

Sinatura do/a titular da conta:





# andaina

PUNTOS DE VENDA

## A Coruña

Librería Couceiro  
Praza do Libro, 12

Librería Xiada  
Avd. de Fisterra, 76-78

Librería Lume  
Rúa Fernando Macías

## Pontevedra

Librería Michelena  
Rúa Michelena, 22

Librería Paz. Peregrina, 29

## Santiago

Librería Couceiro  
Rúa do Hórreo, 9

Librería Pedreira  
Rúa do Home Santo, 55

Baba. Área Central  
Ártico. Rúa do Vilar, 49

## Lugo

Librería Trama  
Avd. da Coruña, 21 (galerías)

## Ourense

Livraria Torga  
Rúa da Paz, 12

## Servicio de Asesoramento das Mulleres

### ■ CONCELLERÍA DA MULLER ■

**P**ara a atención específica dos problemas que afectan ás mulleres o Concello de Santiago pon a súa disposición o Servicio de Asesoramento das Mulleres


**P**ara asesorarte nas túas dúbidas e buscar unha solución ós teus problemas familiares, laborais, xurídicos e sociais.

Estamos a túa disposición na Praza da Constitución s/n.

■ *Horario de atención ó público*

Tódolos días de 10 a 14 h.

Teléfono: 981 57 14 61



**CONCELLO DE  
SANTIAGO**

Concellería da Muller

